

REDACTOR
Arturo Revilla Bonnin
Xeógrafo
decembro do 2008

1. INTRODUCCIÓN AO PLANEAMENTO

O Concello, na actualidade, dispón para a ordenación urbanística do seu territorio de Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas definitivamente cunha serie de modificacións pola Comisión Provincial de Urbanismo de A Coruña, en sesión de 5 de agosto de 1977. Estas modificacións foron aprobadas polo pleno en decembro de 1982 e na Comisión Provincial de Urbanismo en 1985.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Outes procura a ordenación integral do termo municipal, cos seguintes obxectivos xerais para a redacción do planeamento:

1. No sector turístico comezan a desenvolverse certas expectativas, debido ás modificacións nas tendencias actuais, que fan que cada vez se demande máis un turismo ecolóxico e vinculado á natureza. Considérase necesario desde o Plan Xeral o facilitar as condicións necesarias para encouzar estas tendencias e facilitar o achegamento dos viaxeiros a este concello, con aloxamentos ben dotados e espazos de interese tanto paisaxístico como natural.
2. Por outro lado, o desenvolvemento constante da actividade construtiva no termo municipal, sobre todo dentro da delimitación do solo urbano e núcleo rural, así coma a aparición de actividades non desexadas dentro do solo rústico, no marco delimitado polas Normas Subsidiarias, coas limitacións de xestión que estas acarreen, crearon diferenzas no ordenamento urbanístico municipal e efectos non desexados, que se acentúan coa aparición dunha serie de circunstancias imprevistas nas Normas Subsidiarias, e xurdidas como consecuencia do seu propio desenvolvemento.
3. A necesidade de ordenar as áreas vacantes dos solos urbanos e de introducir mecanismos de planeamento que permitan ordenar axeitadamente a implantación e xestión de execución de novas infraestruturas, equipamentos e zonas verdes de vital importancia para a desconxestión edificatoria dalgunhas zonas do núcleo urbano de Serra de Outes así coma a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e Sistemas Xerais do Termo Municipal fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para axeitar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así coma permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite.

O modelo territorial e urbano preliminar proposto para o Concello de Outes, derivado da diagnose operativa exposta, baséase nos seguintes obxectivos específicos:

1. Introdución dos correctos mecanismos de xestión para o desenvolvemento da trama urbana, onde débense corrixir as deficiencias de solo dotacional e de equipamento, derivado da sobrecalificación como solo urbano de execución directa, e polo tanto, non sometido a cesión algunha, que contemplaban as Normas vixentes.
2. Formulación dun uso equilibrado do medio rural, considerando o respecto o medio ambiente e a paisaxe como valores de desenvolvemento e potenciando os usos produtivos intrínsecos. Especial atención na imbricación axeitada de equipamentos e industrias de localización co medio.

Completación da trama urbana dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade e impedido a edificación indiscriminada do territorio.

3. Deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, a cal é un feito ineludíbel, e a acouten có fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións.
4. Crecemento lento pero sostido no tempo, baseado no ocio avanzado, no comercio especializado, nos servizos á poboación e no reforzo das potencialidades industriais; establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.
5. Atención ao proxecto urbano e ás técnicas de xestión para garantir a viabilidade do Plan.
6. Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade, incorporando e aceptando o edificado.
7. O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, coma son os de carácter asistencial, docente e administrativo, así como debe buscarse a obtención de outras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.
8. Participación real nos procesos de definición e posterior xestión do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Os obxectivos a desenvolver partirán dos seguintes criterios de ordenación:

1. Analizouse có máximo detalle posíbel do solo do núcleo urbano principal do termo municipal, para coñecer a realidade do tecido urbano existente en relación cós obxectivos básicos comentados, a fin de que as medidas propostas sexan factíbeis de levar á práctica, fuxindo polo tanto, de propostas xeralistas, fáciles de formular pero claramente afastadas dun necesario e eficaz pragmatismo.
2. Facilitar a renovación do interior dos núcleos rurais e a construción de novas residencias na periferia inmediata destes, co obxectivo de limitar unha posible dispersión ou afloramento de novos núcleos en lugares distintos dos tradicionais coas conseguíntes consecuencias negativas a nivel económico e medioambiental.
3. Localizar, de acordo coa vixente lexislación do solo, as áreas con aptitude para incorporar ao desenvolvemento urbanístico en todas aquelas zonas que contan con conexións ao soporte que supón o sistema xeral viario e que non contén con condicionantes que aconsellen a súa protección.
4. Revisión da delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ó proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais ou porque así o requiren os seus actuais usos, a lexislación sectorial ou en

razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais, outras de similar natureza ou en base ó desenvolvemento sostible do concello.

5. Establecer, por normativa, as medidas preventivas do posíbel impacto ambiental, chegando incluso á definición de normas específicas de protección ambiental nos sectores de solo rústico e urbanizabel que así o requiren. Preténdese valorar o potencial produtivo e madeireiro do concello así como os lugares de produción principal agrícola-gandeira, que aínda que pequenos en extensión, teñen moita importancia económica e paisaxística dentro do termo municipal. Calquera iniciativa que xurda do planeamento pasa polo recoñecemento espacial desta realidade, delimitando convenientemente as zonas destinadas a un e a outro aproveitamento co fin de o protexer e fomentalo, mellorando así as capacidades económicas e produtivas da zona.

Recoñécense ademais os valores ambientais do termo municipal, neste caso centradas nos canles fluviais e nas ribeiras do Tambre que se valoran en función da súa importancia medioambiental, para que a posible edificación e urbanización non destrúa este potencial. O recoñecemento e unha axustada delimitación do Espazo Natural da desembocadura do río Tambre considérase un dos obxectivos fundamentais deste planeamento.

O Plan Xeral de Ordenación de Outes utiliza na súa metodoloxía de realización os métodos da planificación estratéxica empregando a secuencia :

- Análise de datos
- Participación
- Diagnose operativa
- Definición de Obxectivos
- Establecemento de Accións
- Clasificación do solo
- Formulación de Proxectos urbanos
- Establecemento de estrutura de gobernabilidade
- Corrección de proposta

Esta secuencia plantexada se define como estratéxica, é dicir, continua e circular, polo que o Plan pretende ser un documento dinámico e aberto.

O documento incluíra as medidas preventivas, conxunturais, estratéxicas, operativas e organizativas que garantan a adecuación medioambiental do Plan e a corrección dos posibles impactos que o Plan poida xerar.

O Plan promoverá e regulará a preservación, ordenación e posta en valor dos elementos medioambientais de valor evitando a colonización indiscriminada do territorio que en ausencia de Plan podería producirse así como os impactos puntuais non desexados sobre o territorio.

Para facelo clasificará como Solo Rústico de Especial Protección en calquera das súas categorías aqueles terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación urbanística.

Mención especial no caso do concello de Outes merece o contorno dos ríos, as cotas elevadas das serras, as masas forestais autóctonas e o L.I.C. do Esteiro do río Tambre.

O termo municipal de Outes atópase afectado pola delimitación do Lugar de Interese Comunitario (L.I.C.) denominado Esteiro do Tambre, e recollido na proposta de delimitación das Rede Natura 2000 da Consellería de Medio Ambiente. Este espazo está descrito no punto 4.7.2. do presente ISA.

2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

2.1. Tramitación do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica

Para promover un desenvolvemento sustentable, acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do PXOM, sométese a unha Avaliación Ambiental estratéxica conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de Avaliación Ambiental Estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O concello de Outes, responsable da elaboración do Plan Xeral e, polo tanto, órgano promotor do PXOM do concello de Outes, comunica, en marzo de 2007, á Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible, o inicio do procedemento de elaboración do citado Plan. Así mesmo, emite un documento de inicio no que se recollen os principais obxectivos e características do ámbito e do Plan.

A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, órgano ambiental no mencionado proceso remite ao órgano promotor, en agosto do 2007, o "Documento de referencia para a AAE do Plan Xeral do Concello de Outes", tal como o prevé o artigo 19 da citada Lei 9/2006. Este documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), precisando a información que, como mínimo, deberá conter (anexo I da citada Lei). Este Documento de Referencia está dispoñible na seguinte dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es>.

Así, e seguindo os criterios e directrices establecidos do Documento de Referencia, e tendo en conta o que a Lei 9/2006 establece, o concello de Outes procedeu á redacción da proposta do Plan, do que é parte integrante o ISA.

O concello de Outes, tras aprobar inicialmente o Plan e de acordo coas esixencias de participación pública derivadas do proceso integrado de elaboración e aprobación do planeamento urbanístico descrito na Lei 6/2007, someteu o documento do PXOM ao trámite de consulta pública nos prazos establecidos.

Posteriormente, o concello de Outes remite á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible toda a documentación do Plan Xeral para a redacción da memoria Ambiental por parte do órgano ambiental.

A finalidade da Memoria Ambiental é a de valorar a consideración da dimensión ambiental na toma de decisións do Plan. Analízanse neste contexto o proceso de avaliación, o ISA e a súa calidade, o resultado das consultas realizadas e a súa toma en consideración, así como a previsión dos efectos derivados da aplicación do Plan, a as súas correspondentes medidas.

Tal e como esixe a propia Lei 9/2006, para dar publicidade a todo o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, tódolos documentos xerados durante este procedemento fanse públicos a través da web citada máis arriba.

2.2. Análise da calidade do Informe de Sostibilidade Ambiental

Avalíase neste apartado o grao de adecuación do contido do ISA ao indicado no anexo I da Lei 9/2006, de Avaliación Ambiental Estratéxica, e ao Documento de Referencia, a analízanse os puntos fundamentais da estrutura e contidos do ISA.

2.2.1. Obxectivos definidos

O concello de Outes plantexa a necesidade de redactar un Plan Xeral de ordenación Municipal que dea solución aos problemas orixinados polas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento, e co fin último de impulsar o desenvolvemento socioeconómico do concello.

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes parte co propósito de adaptar a ordenación urbanística á lexislación vixente, e o de acometer unha nova política urbanística tendente a perfeccionar o modelo territorial existente mediante a introdución dos sistemas de xestión e actuación que o novo marco legal nesta materia posibilitou, evitando que o proceso urbanizador xere desequilibrios, e polo contrario, poda ser utilizado para mellorar a realidade física existente e o nivel de equipamentos e servizos.

Ao longo do punto 5 do Informe de Sostibilidade Ambiental se establecen unha serie de criterios e obxectivos urbanísticos e ambientais que contemplan e dan resposta as variables de sustentabilidade, e que son asumidos polo plan. Estes criterios e obxectivos recollen o emanado na LOUPMRG,

atópanse de acordo coa lexislación sectorial galega e co indicado no Documento de Referencia, e son os seguintes:

---Criterios estratéxicos:

- **Viabilidade:** canto a localizar as distintas accións en función das súas posibilidades reais e dos obxectivos propostos, minimizando as afeccións negativas e simplificando, na medida do posible, a xestión administrativa.
- **Flexibilidade:** o planeamento debe posibilitar a súa adaptación ós distintos estadios ou fases de desenvolvemento e a diferentes alternativas que se poden producir.
- **Realidade:** O planeamento debe estar de acordo coa capacidade económica, tanto da administración pública como do sector privado. Tamén, debe contemplarse como condicionante a parcelación actual do solo.
- **Equidade:** Debe evitarse a xerarquización do territorio en áreas de diferente nivel de calidade como consecuencia do planeamento.

---Obxectivos xerais:

- Reestruturación funcional do tecido urbano:
- Consideración da importancia do medio rural:
- Conservación ambiental:
- Dotación de elementos Comunitarios:
- Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do concello, conservando cada unha das súas particularidades.

---Criterios sectoriais

A formulación e realización do Plan Xeral de Ordenación municipal para o concello de Outes ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanisticamente equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización e procura de maior dinamismo dos sectores produtivos, neste caso os agropecuarios, forestais ou ecoturísticos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia de tres núcleos urbanos, no que a día de hoxe se concentra a principal consolidación edificatoria e existencia de servizos, a existencia

dun entramado de núcleos máis miúdo cuxa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O Plan Xeral plantéxase como obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Outes e ser eminentemente realista. Capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan. Un Plan Xeral no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante, sexa notoria e patente.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, asemade, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades agrarias, industriais e comerciais: desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que ós solos se lle asignen.

Para iso, e en directa relación cos problemas urbanísticos detectados, defínense a continuación o sistema de obxectivos urbanísticos sectoriais que a redacción do Plan Xeral persegue.

---Criterios de carácter ambiental

- Sostibilidade territorial e densidade urbana
- Límites territoriais do crecemento
- Tratamento do medio rural
- Asentamentos rurais
- Planeamento respecto o turismo
- Planeamento respecto á paisaxe
- Respecto do patrimonio natural

---Integración das variables e criterios do AAE no PXOM

- Consumo de solo
- Ciclo hídrico
- Enerxía
- Emisións contaminantes
- Xestión dos residuos
- Actividades económicas

- Integración social
- Medio natural
- Medio rural
- Medio litoral
- Paisaxe
- Medio urbano
- Patrimonio
- Poboación
- Vivenda
- Mobilidade

---Recomendacións para as variables non integradas no PXOM

O ISA non considera obxectivos de protección ambiental porque tódolos elementos de interese natural están xa protexidos.

2.2.2. Análise obxectiva do contorno

O ISA realiza un estudo da situación actual do medio socioeconómico, onde se analizan a demografía, a actividade económica, as dotacións, infraestruturas e equipamentos e o patrimonio histórico artístico do concello. Dadas as características dos datos existentes e a escala do plan, a análise faise a escala municipal.

Tamén analízase o medio físico e biótico, no que se describen as seguintes variables: xeografía, climatoloxía, hidroloxía, xeoloxía, paisaxe, vexetación, auga, fontes de contaminación e de refugallo. Esta análise faise a escala do ámbito obxecto de estudo, isto é, municipal, aproximándose ao terreo a través da literatura existente e do traballo de campo.

2.2.3. Análise de alternativas

O ISA non contempla máis que a alternativa elixida aparte da alternativa 0, que supón a non aplicación do PXOM o que, neste caso, non ten sentido, xa que a redacción do PXOM trata de dar resposta a problemas preexistentes e, por outra parte, adaptarse á lexislación vixente. Ademais, o Plan realizou

modificacións nas súas accións urbanísticas, froito das indicacións do presente ISA e da poboación do concello, a través do proceso de participación pública e consultas.

2.2.4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

O ISA leva a cabo unha aproximación aos efectos previsibles no concello en caso de non aplicación do Plan, e o escenario futuro que se identifica de aplicarse a alternativa 0 ten efectos positivos para o concello, tanto no eido socioeconómico, como no puramente urbanístico e medioambiental. Pola contra, os efectos que se identifican de non aplicar o PXOM son neutros no presente e negativos a medio e longo prazo.

Por outra parte, o ISA fai unha análise e ponderación dos efectos ambientais derivados da aplicación do planeamento sobre as variables descritas no punto 6.3 do ISA. Esta identificación faise equiparando os efectos a impactos ambientais, xa que se considera que coñecendo os impactos poderanse deseñar sistemas axeitados de corrección.

2.2.5. Medidas previstas para reducir e contrarrestar calquera efecto significativo sobre o medio

O ISA inclúe unha serie de medidas (punto 7) preventivas destinadas a paliar os posibles efectos negativos sobre os impactos identificados.

Os principais impactos negativos identificados refírense ás fases de urbanización, por tanto, as medidas previstas diríxense principalmente a protexer aqueles elementos que eventualmente se verán afectados pola urbanización.

2.2.6. Proposta de plan de seguimento

O ISA recolle o sistema de indicadores (punto 9.1 do ISA e anexo 1 da presente proposta de memoria) propostos polo Documento de referencia, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos ambientais. En concordancia co sistema de indicadores, deséñase un plan de seguimento (punto 9.2 do ISA e anexo 1 da presente proposta de memoria) que contempla o impacto a seguir, o método de control e a frecuencia do control. Tamén se indica o responsable do control do programa de seguimento.

2.2.7. Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a prever, reducir e paliar os efectos negativos do planeamento.

Na Memoria do PXOM figura a estratexia de actuación e estudo económico do PXOM. Dada a entidade e baixa importancia, dende o punto de vista medioambiental e da sostibilidade, dos previsibles impactos derivados do desenvolvemento do PXOM, estes deben considerarse como integrados no

custo de execución das accións urbanísticas programadas, xa que logo, non son precisas accións específicas de corrección.

Polo que fai ao polígono industrial, o resto do custo derivado da execución do programa de seguimento será avaliado e orzamentado polo futuro órgano xestor da nova área industrial.

2.2.8. Adaptación ao Documento de referencia

O ISA estrutúrase segundo os apartados indicados no Documento de referencia, que son os contemplados no anexo I da Lei 9/2006

2.3. Participación pública e consultas

2.3.1. Valoración do procedemento de Participación Pública e Consultas e informe das mesmas

O Plan Xeral, coa súa parte integrante, o ISA, someteuse ao proceso de participación pública e consultas nos prazos legalmente establecidos polo apartado 5 do artigo 7 da Lei 6/2007 do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. O plan foi exposto durante dos meses, dende o 2 de febreiro ata o 2 de abril do 2008, tras ser inserido o correspondente anuncio no DOG núm. 23, de 1 de febreiro de 2008.

2.3.2. Resultados da participación pública e as consultas

Durante o prazo en que a documentación do Plan Xeral foi exposta na casa do concello de Outes, rexistráronse 938 alegacións, das que 381 eran alegacións en contra do polígono industrial.

A continuación, presentase un resumo das alegacións:

Alegacións presentadas por colectivos ou agrupacións:

1090. A.VV. Pontenafonso: solicita ampliar núcleo rurais do entorno de Pontenafonso.

1268. A.C.C. Terra de Outes: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 381 referidas anteriormente)

1269. A.C.C. Terra de Outes: Solicita, en xeral, reducir o volume edificable proposto polo PXOM

1841. Asociación de empresarios e profesionais de Outes: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 381 referidas anteriormente)

1864. A.VV. de Entíns e Tarás: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 381 referidas anteriormente)

1956. A.VV. Pontenafonso: Solicita ampliar os núcleos do entorno de Pontenafonso e reducir a servidume dos 100 de costas.

1992. A.VV. de Entíns e Tarás: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1993. A.C.C. Terra de Outes: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1994. A.VV. O Valadiño: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1995 A.VV. Pontenafonso: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1996. A.VV. O Pedregal: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

2026. Carmen García Barreiro e 132 máis: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada. Tamén alega contra a ubicación do solo urbanizable industrial.

2053; 2054; 2055; 2056; 2057. Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Solicítase o seguinte:

1.- Modificar a cualificación de solo urbano non consolidado do Areal converténdoa en solo rústico de protección de augas.

2.a) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que se atopan a menos de 350 metros da liña de costas.

2.b) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que ocupen zonas susceptibles de ser clasificadas coma áreas de expansión de núcleos rurais.

2.c) Eliminar a parte correspondente á UND-05 na zona entre Vilariño e Piñeiro.

3.- Estudar as posibles alternativas para a localización do chan industrial do concello.

4.- Facer unha revisión a fondo para identificar tódolos elementos do patrimonio histórico-artístico e que se inclúan como elementos protexidos no PXOM.

5.- Modificar as seguintes áreas de expansión de núcleos rurais: a) Cando de Arriba (01.04). A área de expansión vai o longo da estrada; b) Figueiro (01.08). Área de expansión sen continuidade o núcleo e separada por un camiño; c) Toxeira (01.14). Área de expansión que está sen continuidade posto que un camiño separa a área de expansión e estendese a unhas parcelas de maneira inxustificadas; d) Fontelos (02.04). A finca 2422 non agrupa o núcleo rural. A área de expansión debería seguir as fincas 2426, 2427, 2428 e seguintes; e) Ousesende (03.22). A parcela 00101 está totalmente illada e métese dentro de área de expansión; f) Camposas (06.06). Lévese a área de expansión cara á zona de aproveitamento forestal cando o normal e que se fixera zona que vai desde a parcela 00190 ata 00232; g) Gulfián (06.08). Ampliase a área de expansión as parcelas 00872, 00871, 00855, 00856 e 00857 sen aparente xustificación; h) Serantes (06.11). A área de expansión de Serantes e a que abrangue as fincas que aparecen no lugar denominado a Granxa (00656 e limítrofes ata chegar o camiño que baixa a Broña); i) Figueiroa (04.09). Deixase unha área de rústico cando o normal sería que completase a áreas de expansión; j) Central (08.05). Deixase fora do ordenamento as fincas que están na marxe esquerda e dótese unha área de expansión na marxe dereita permitindo medrar o núcleo o longo da estrada; k) Barreira. (09.01). As parcelas 01072 e 01071 están fora da liña normal de expansión; l) Ribademar (09.04). Practicamente sen área de expansión; m) Valadares (10.11). Existe unha vivenda moderna na parcela 227 e inclúese a parcela 228 e 226 nunha área de expansión de maneira inxustificada posto que o mesmo criterio debería usarse en tódolos lugares; n) Viladomonte (10.12). Métese a área de expansión a finca 00406 e a 00435 cando están separadas por un camiño das vivendas tradicionais.

As alegacións do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego foron tratadas na Comisión Municipal de Planeamento formada para seguimento dos traballos do PXOM.

3. INTEGRACIÓN DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO PLANEAMENTO

3.1. Integración dos criterios de sustentabilidade no planeamento. Incidencia ambiental do planeamento

As medidas e recomendacións contempladas no ISA para a integración dos criterios de sustentabilidade considéranse incorporadas na toma de decisións e actuacións que contempla o planeamento.

Consumo de solo

O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM, sendo especialmente relevante ao respecto a xustificación exposta na estratexia de actuación do Plan. Non obstante, as previsións de vivenda son superiores á demanda real debido ao elevado número de asentamentos de poboación existentes, á súa dispersión e á estrutura da propiedade, posto que a simple delimitación dos núcleos rurais existentes e as súas hipotéticas áreas de expansión, proporcionan unha moi elevada capacidade residencial con respecto á demanda real.

Respecto ás zonas de equipamentos e zonas libres derivadas da capacidade edificatoria hipotética do Plan, compre subliñar que estas centralízanse nas áreas máis densamente poboadas, o que minimiza as necesidades de mobilidade dos usuarios respecto ao transporte público, servizo este, por outra parte, moi pouco funcional neste concello. Esta debilidade do transporte público incentiva o emprego masivo do transporte privado como único medio de transporte –agás o transporte escolar- feito que xera un claro factor de insostibilidade ambiental.

Os novos desenvolvementos urbanísticos no concello sitúanse sobre espazos xa antropizados

Os planos de clasificación do Plan localizan os espazos con impacto visual, espazos que, ademais, redúcense a concas visuais de pequeno tamaño, mentres que as mais visíbeis están xa protexidas.

O Plan non afecta a ningún espazo con especiais características litolóxicas ou xeomorfolóxicas nin inaxeitados para a edificación. Tampouco se fragmenta o territorio nin ningunha unidade ecolóxica nin se traza novo viario que teña efectos de barreira ecolóxica ou visual.

Ciclo hídrico

As instalacións de abastecemento e saneamento do concello son capaces e suficientes para a poboación de Outes e o seu eventual crecemento.

A capacidade de recarga do sistema de abastecemento é suficiente para a poboación actual e para as afeccións do Plan ao longo de todo o ano, tendo en conta a variabilidade interanual da dispoñibilidade do recurso.

Na Memoria do PXOM indican as capacidades e potencialidades dos servizos de abastecemento e saneamento dos residuos, tanto de orixe urbano como industrial, así como a poboación total que dispón destes servizos e a súa previsión futura. Indícase tamén a capacidade do sistema segundo a

variación anual da demanda de auga. Este punto indica tamén as necesidades de saneamento da poboación co fin de garantir a depuración dos efluentes.

O Plan non contempla actuacións nos sistemas de depuración particulares por exceder do ámbito no plan. Non obstante farase un inventario destes sistemas de depuración e, vía ordenanzas, estableceranse as condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato, e se formulará un sistema de mantemento e limpeza periódicos das fosas sépticas que permanezan activas no territorio municipal, tanto de carácter urbano como industrial.

No solo urbanizable, o Plan establece o 35% como porcentaxe mínima de zona sen impermeabilizar.

O Plan promove o emprego de pavimentos drenantes na urbanización co fin de facilitar a filtración de auga, compatibilizando a urbanización coa dinámica propia do ciclo hídrico. Así mesmo, o Plan establece unha rede separativa de augas pluviais e residuais.

Os focos de vertidos da rede municipal aos leitos fluviais están convenientemente inventariados, así como a orixe da auga que abastece ao concello. As augas residuais, xa depuradas, vértense ao río Ulla a través de emisarios.

Non se detectan cambios de usos nas escorrentías, e nos solos urbanizables o Plan contempla a imposición dunha rede de recollida de pluviais no viario público dos novos desenvolvementos.

Enerxía

O consumo enerxético e a contaminación lumínica do alumeado público regularase vía ordenanza municipal, na que se contemplará o emprego de dispositivos de baixo consumo e alta eficiencia enerxética e a instalación de pantallas que concentren a luz no chan.

Os novos ámbitos disporán dunha rede de alumeado especializada para os diferentes espazos públicos.

As instalacións deberán proxectarse de xeito que se consiga minimizar os seus custos (investimento+explotación+mantemento), previndo a vida útil da infraestrutura. Para iso, instalaranse lámpadas e equipos de baixo consumo e luminarias eficientes, con reguladores e redutores de fluxo para diminuí-los niveis lumínicos. Por outra parte, a rede do alumeado público dotarase dun sistema de xestión telemática que permita o control e a optimización do funcionamento e a optimización enerxética.

Polo que fai á previsión de implantación de infraestruturas para a xeneración de enerxía sostible procedente de fontes renovables, estes sistemas, tendo en conta a Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 e a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, só poden situarse en solo rústico de protección ordinaria. Segundo o disposto na citada Lei, a clasificación de solo rústico de protección ordinaria deberá estar especialmente xustificada en base á non concorrencia de potencialidades que fagan necesaria a súa protección. Este feito limita de xeito

evidente a posibilidade de clasificación de este tipo de solo e, por tanto, a implantación de sistemas de obtención de enerxía de fontes renovables.

As eventuais liñas de alta tensión integranse en pasillos eléctricos, e as liñas de media tensión do novo desenvolvemento estarán integradas e soterradas.

Plantexarase a conveniencia da instalación dun sistema de placas fotovoltaicas para reduci-los custos de mantemento do alumado público.

Emisións contaminantes

En Outes non existen fontes de contaminación atmosférica. As fontes de contaminación radioelétrica, procedentes fundamentalmente de antenas de telefonía celular cartográfanse, co obxecto de que a poboación coñeza a súa posición. Polo que fai ás infraestruturas de transporte de enerxía, nos núcleos rurais elimínanse todo tipo de trazado aéreo, mentres que o resto quedan clasificadas como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas. Ademais, non se permitirá a urbanización en zonas afectadas por liñas de alta tensión.

Xestión dos residuos

O Plan xustificará a capacidade de tratamento e xestión dos residuos, industriais e urbanos, en función dos crecementos previstos e o aumento asociado de produción de RSU.

Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais e a súa eliminación e reciclaxe vía ordenanza municipal.

Resérvanse un espazo para a implantación dun punto de recollida de RSU, con facilidades para o reciclado dos diferentes tipos de residuos, potenciando a recollida da fracción orgánica dos RSU.

Polo que fai ao depósito e recollida de residuos procedentes da actividade gandeira (plásticos procedentes do empacado da herba) e dado a importancia da actividade e tamaño do concello, reservarase e habilitarase os espazos que se estimen necesarios para a recollida destes refugallo, procurando a máxima centralidade, co obxectivo de reducir ao mínimo os desprazamentos da maquinaria agrícola polo territorio municipal.

Actividades económicas

O Plan xustifica razoablemente a idoneidade do planeamento con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais de Outes, así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas. Estes equipamentos e infraestruturas sitúanse no territorio segundo criterios de centralidade e de sustentabilidade, buscando o máis baixo nivel de necesidades de desprazamento dos usuarios e, consecuentemente, a máxima accesibilidade.

Vía ordenanza establécense os criterios de sustentabilidade en tódolos tipos de edificación no concello, segundo o seu uso ou actividade a desenvolver. (Condições de sustentabilidade do uso industrial).

Integración social

Prevense infraestruturas sociais para a poboación actual e a potencial segundo as previsións do Plan e se inclúe tamén a perspectiva de colectivos vulnerables no deseño tanto das infraestruturas como dos equipamentos e redes de espazos e centros públicos, suficientes e ben comunicados. Garántese tamén a proporción regulamentaria de vivendas protexidas.

O Plan contempla a participación da poboación no proceso de planificación urbanística e tamén se presenta, en forma de charlas para a poboación, na Serra de Outes e en tódalas parroquias, resolvendo as dúbidas que poidan ter os interesados ou a poboación en xeral.

Dende o punto de vista social, en Outes non se identifican áreas degradadas nin bolsas de exclusión social nas que o Plan deba intervir.

Medio natural

Calquera dos espazos de interese natural do concello de Outes, estean ou non baixo algún tipo de figura de protección, están tamén protexidos polo Plan. De acordo co anterior, están protexidas as ribeiras dos ríos, as masas de vexetación natural e/ou autóctona, as masas forestais, os humidais, ou calquera outro ecosistema de interese, así como as súas áreas de transición. As diversas figuras de protección presentes no planeamento están de acordo coa lexislación sectorial vixente.

Así mesmo, establecen medidas de protección para áreas forestais afectadas por incendios segundo a lexislación vixente.

Medio rural

O Plan protexe suficientemente os espazos de interese produtivo para o sector primario, con alternativas de ordenación

Polo que fai á ampliación dos núcleos rurais, a edificación farase a partir do núcleo orixinal, favorecendo a regularización, a compactación e o mantemento da configuración tipolóxica tradicional. Así mesmo, o Plan impide calquera tipo de afección negativa nestes núcleos, contribuíndo deste xeito a conservar e protexer a paisaxe rural tradicional e o alfoz destes núcleos. A tipoloxía das novas vivendas adaptarase á tradicional vía ordenanza.

No medio rural reservarase, vía ordenanza, espazos axeitados para o depósito e recollida de residuos da actividade agropecuaria en, preferentemente, na zona norte do concello.

A Memoria do PXOM demostra a suficiencia e eficiencia dos sistemas de depuración existentes e previstos segundo as previsións de crecemento do concello.

Medio litoral

O treito litoral pertencente ao concello de Outes está protexido, e non se verá afectado por ningunha acción derivada do PXOM. Pola contra, o Plan contempla medidas de rexeneración dos espazos ocupados e/ou degradados pola acción antropica.

Paisaxe

Polo que fai á paisaxe, o ISA inclúe unha análise da paisaxe e, dende o punto de vista da urbanización, considérase que esta producirá impactos neutros ou positivos: tanto nos núcleos de Serra de Outes, O Freixo e Cruceiro de Roo, como nos núcleos rurais, o Plan contempla accións de compactación, regularización e colmatación de espazos intersticiais, velando pola tipoloxía e evitando accións negativas.

Calquera outra actuación fora dos ámbitos citados farase tendo en conta a non afección ás características paisaxísticas ou, en todo caso, a máxima integración na paisaxe circundante.

Medio urbano

O Plan garante a accesibilidade aos núcleos urbanos do concello e contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade e mellorando a calidade da paisaxe urbana actual.

Patrimonio

O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios destacables. Polo que fai á rehabilitación, esta corresponde á iniciativa privada, aínda que, vía ordenanza, esixírase aos propietarios o correcto mantemento dos edificios catalogados. (O deber de conservación; art. 2.2.10. Contido do deber de conservación)

Poboación

O Plan ten valorado a estrutura demográfica de Outes á hora de planificar as infraestruturas e equipamentos de carácter social, pero non intervéñ na procura do equilibrio demográfico nin da súa distribución territorial.

Vivenda

O Plan contempla a vivenda colectiva exclusivamente nos núcleos urbanos, mentres que a unifamiliar concéntrase nos núcleos rurais. Tamén contempla a diversificación das tipoloxías residenciais, o emprego das ferramentas de xestión urbanística para facilitar o acceso á vivenda e o fomento da harmonía entre as novas construcións e as existentes no seu contorno.

Mobilidade

Incentivarase o uso peonil e da bicicleta en Outes a través de proxectos urbanísticos e vía ordenanza. (Urbanización da rede viaria)

O Plan, como xa se ten dito, concentra os servizos e equipamentos públicos, e tamén privados, no núcleo da Serra de Outes, favorecendo así a súa accesibilidade. O resto da poboación municipal, para ter a mesma accesibilidade, precisa de ter acceso á mobilidade, a través do transporte público ou privado. O transporte público, como é habitual no medio rural galego (e tamén en moitas áreas urbanas) presenta unha extraordinaria debilidade (excepción feita do sistema de transporte escolar). A consecuencia principal é que a poboación que ten necesidades de mobilidade opta polo desprazamento por medios privados, nun modelo de transporte claramente insostible polo custo que

ten, pola contaminación atmosférica que produce e polo consumo de espazo que fai (aparcadoiros, ocupación das vías de comunicación, etc.).

Por outra parte, acadar un sistema viable de transporte público no medio rural é moi complicado, porque a iniciativa privada está ausente a causa da falla de rendibilidade das explotacións e porque as competencias para outorgar liñas de transporte non están nos concellos.

No punto 9 do ISA (Indicadores) faise unha estimación dos GEI ocasionados polo transporte e os desprazamentos, que son o 48% dos totais emitidos á atmosfera. O calculo faise tomando como referencia o CO₂ como GEI con maior incidencia nesta área xeográfica, tendo en conta que o automóbil emite, de media, 2,5 Kg de CO₂ por litro de combustible consumido; que circulan preto de 3000 automóviles ao día (datos do ano 2007, da estación da AC-550, en Serres, no treito de Muros a Serra de Outes, na confluencia coa estrada AC-3404), e unha media de 20 Km percorridos polo concello. O resultado é unha estimación de 9,78 TM/día de CO₂ emitidos á atmosfera.

Ademais destas variables, o ISA inclúe unha serie de recomendacións para as variables non integradas no PXOM:

- Dende o concello deseñaranse plans para a extensión e mellora da rede de recollida de RSU e o fomento da separación de refugallos para a súa reciclaxe mediante campañas dirixidas á sensibilización da poboación. Así mesmo, o concello tratará de estender o máximo posible a rede de saneamento co fin de ir eliminando o sistema de fosas sépticas que teñen na actualidade as vivendas illadas.
- No deseño da nova área industrial, compre ter en conta as características do medio circundante, co fin de acadar á máxima integración das novas actuacións no medio rural. Este deseño farase segundo os principios da ecoloxía industrial, que establece a conexión entre os residuos de unhas industrias e as materias primas de outras, ademais do compromiso das empresas de implicarse na protección e defensa do medio ambiente a través dunha proposta de xestión ambiental. Estes principios poden resumirse en tres eixos principais: o emprego de materiais locais, a redución de residuos e a prevención da contaminación.
- Proporase, vía ordenanza, a creación dun **órgano xestor** do polígono, que funcione co principio básico de fomentar políticas incentivadoras ou promotoras antes que penalizadoras, establecendo un código de conducta ambiental. Este órgano deberá estar supervisado polo concello e cumprir as seguintes funcións:
 - Xestionar o Plan de Seguimento do Plan Parcial, establecendo os controis necesarios para avaliar as variables indicadas ou calquera outras que se estime necesario
 - Establecer un Plan Integral de xestión de Residuos Industriais
 - Velar pola seguridade e hixiene laboral dos traballadores do polígono

- Controlar o axeitado dimensionamento dos equipamentos e infraestruturas necesarias para a actividade industrial actual e futura
- Establecemento dun sistema de vixilancia ambiental, para controlar as emisións contaminantes e a produción, clasificación e eliminación ou reciclaxe dos residuos producidos na actividade industrial
- Promoción do emprego eficiente dos recursos, procurando o máximo aforro enerxético ou de calquera outro recurso, tanto na actividade privada como nos usos públicos
- Organización dun sistema de transporte público/privado para reduci-lo emprego do transporte privado
- Antes da urbanización o órgano xestor tratará de acadar un elevado grao de materialización de proxectos empresariais e procurarase que as edificacións propostas non estean sobredimensionadas, co obxecto de minimizar o consumo de solo e de materiais e o impacto paisaxístico
- O concello contemplará medidas de intervención na oferta de servizos de atención e ocio da terceira idade e a poboación infantil, da difusión da información sobre servizos que oferta o concello e o fomento da preservación da memoria histórica.
- O concello contemplará accións de intervención nos leitos fluviais (limpeza, mantemento e vixilancia), fomento da repoboación forestal e de mellora do medio natural.
- Dende o concello buscarase a ampliación e diversificación do transporte público, coa intención de formar parte da rede de transporte e diminuír o emprego do transporte privado polo súa insostibilidade.
- Dende o concello procurarase a axeitada posta en valor e difusión do patrimonio natural e cultural de Outes, como punto de apoio para a consecución dun produto turístico que poida ser explotado dun xeito sostible e contribúa á diversificación do tecido económico municipal.

Canto á incidencia ambiental do planeamento, descríbense os seguintes impactos:

Solos

Identifícanse impactos negativos sobre a estrutura e composición dos solos, sobre todo na fase de execución das obras (fases de urbanización).

Refírese á alteración da calidade do solo e os seus compoñentes a causa do movemento de terras, pola propia urbanización e, en moito menor medida, polo derrame de augas contaminadas, hidrocarburos e lubricantes durante a fase de obras en practicamente toda a superficie da peza obxecto de análise, se ben a importancia do impacto é máxima, no o é tanto a súa magnitude por tratarse de solos ácidos e moi lixiviados.

Tamén existe a posibilidade do aumento da erosión durante a fase de obras, que se corraxirá á finalización das obras mediante a estabilización de taludes e a revexetación.

Augas

O río Tambre é o máis importante do concello, e chega a Outes despois de percorrer case toda a provincia da Coruña en sentido oeste-leste. No seu treito final fai de límite co concello de Noia, e na desembocadura conforma un amplo esteiro, no fondo da ría de Muros e Noia. Son tributarios do Tambre os ríos Laxoso, de curto percorrido e que cruza toda a parroquia de San Ourense, onde recibe as augas do río Banzas e as do Cando, onde tamén se engaden as augas do Portomourello, desaugando finalmente en Pontenafonso.

Outro río importante é o Tins, que nace en Mazaricos, atravesa Matasueiro, pasa por San Pedro de Outes e desemboca na capital municipal, na enseada de Langaño.

Nesta mesma enseada desaugan os regatos Rial e o Brión, que drenan os vales de San Ourense e Entíns o primeiro, e a chaira de Brión o segundo. O Bendimón nace perto de Loios (Valadares), bordea o Tremuzo, escorre por terras de Roo, e sae no mar entre San Cosme de Outeiro e o Freixo.

En todos estes cursos fluviais deberanse evitar invasións de maquinaria, depósitos de materiais, calquera tipo de vertidos que poidan incidir na calidade das augas do rego e, en xeral, calquera tipo de acción que afecte a este medio.

As augas subterráneas poden, eventualmente, verse alteradas pola xeración de residuos susceptibles de alterar a calidade das augas na fase de obras. Estes efectos negativos corraxiranse á finalización das obras.

Clima

As accións previstas para o desenvolvemento do PXOM, tanto nas etapas de execución do proxecto como na de funcionamento, non terán ningún tipo de impacto sobre o clima da área obxecto de estudo, nen sequera a escala microclimática.

Calidade ambiental (aire e afecións sonoras)

Refírese ó impacto sobre a calidade do aire xerado pola existencia de partículas en suspensión, emitidas polo movemento de terras e polo aumento de tráfico e maquinaria pesada na etapa inicial das obras de urbanización. Esperase que o impacto sexa baixo e puntual.

Por outra parte, esperase un aumento dos ruídos producidos, na fase de obras polo movemento de maquinaria pesada e, na fase de funcionamento, polo aumento do tráfico. O primeiro impacto desaparecerá á finalización das obras, e o segundo, de menor nivel, permanecerá na zona.

Flora e fauna

A principal alteración da flora debese á perda de calidade dos solos e o propio desbroce e tala de vexetación nas áreas clasificadas como urbanizables.

Polo que fai á fauna o impacto neto é baixo e puntual, xa que logo só se verán afectados pequenos mamíferos e aves, que ausentaranse durante as obras, na fase de urbanización, e regresando ás zonas verdes á finalización das obras.

Non se rexistra ningún tipo de acción ou afección ás áreas naturais protexidas.

Paisaxe

Este impacto refírese á alteración da paisaxe preexistente, alteración producida pola perda de naturalidade a causa dos traballos da urbanización, pero se espera que o impacto sexa baixo porque o PXOM contempla escasas modificacións estruturais. Ademais, a existencia de varios núcleos urbanos e a propia difusión da urbanización presente en Outes elimina a percepción de alteración global da paisaxe.

Asemade, o ISA propón unha serie de medidas correctoras dos impactos identificados:

Concello de Outes		
CORRECCIÓN DE IMPACTOS		
ACCIÓNS	IMPACTO PREVISTO	MEDIDAS CORRECTORAS
Consolidación da malla urbana (Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira do Freixo)	Impacto paisaxístico leve, maior xeneración de R.S.U. e maiores necesidades de saneamento e dotacións. Impacto positivo na paisaxe urbana pola rexeneración de espazos vacantes	Redimensionamento do saneamento. O plan deberá contemplar o remate dos espazos vacantes para reducir o impacto visual. O viario debe ser dimensionado axeitadamente
ampliación da malla urbana P-SE-01/20 P-RV-01/P-RO-01	Impacto paisaxístico leve asociado á urbanización, maior necesidade de saneamento. Movemento de terras durante a fase de execución	A ordenación contemplará o déficit de dotacións do solo urbano
Novos asentamentos residenciais programados: S-02 a S-04	Cambio de usos do solo e maior intensidade nos usos do solo. Impactos asociados á urbanización e á xeneración de novas infraestruturas. Maior xeneración de residuos e maior necesidade de saneamento. Xeneración de fitos visuais, movemento de terras durante a fase de execución e aumento do tráfico rodado, o que produce aumento de partículas en suspensión e ruído.	Saneamento e integración na paisaxe, que quedará pomenorizado no plan de desenvolvemento.
Novos asentamentos industriais programados: S-01	Cambio de usos do solo e maior intensidade nos usos do solo. Impactos asociados á urbanización e á xeneración de novas infraestruturas. Maior xeneración de residuos e maior necesidade de saneamento. Xeneración de fitos visuais, movemento de terras durante a fase de execución e aumento do tráfico rodado, o que produce aumento de partículas en suspensión e ruído. Aumento da contaminación debida á actividade industrial, aínda que de escasa entidade dado o tamaño da actuación	Saneamento e integración na paisaxe, que quedará pomenorizado no plan de desenvolvemento. Axeitado dimensionamento e conexións co sistema viario local.
Novos asentamentos residenciais non programados: UND-02/ 06	impacto "cero" ata o seu desenvolvemento, momento en que se produciran os impactos previstos para os novos asentamentos programados	Non se contemplan
Ampliación de núcleos rurais	Cambio na intensidade e nos usos do solo. Leve impacto paisaxístico asociado á urbanización do contorno de áreas rurais, e á construción de infraestruturas e dotacións	Redimensionamento do saneamento e integración na paisaxe circundante
Ubicación de novas dotacións. ZVX-5 e ZVX-6	Impacto paisaxístico leve asociado a construción e urbanización da dotación. A ampliación non se produce en zonas sensibles, nin desde o punto de vista paisaxístico como ambiental.	Integración da infraestrutura no contorno mediante solucións de revegetación. Vixilancia para restaurar a naturalidade do contorno da praia de Broña.

3.2. Seguimento da actuación

O ISA recolle o sistema de indicadores proposto polo Documento de referencia, sistema deseñado para avaliar o cumprimento dos obxectivos ambientais. A partir do sistema de indicadores deséñase o plan de seguimento.

O sistema de indicadores e o plan de seguimento descríbense por extenso no anexo número 1 da presente memoria.

4. CONCLUSIÓN E SINTESE FINAL SOBRE A INTEGRACIÓN DOS ASPECTOS AMBIENTAIS NO PLAN

1. O proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica exustouse aos requisitos esixidos pola Lei 9/2006 do 28 de abril.
2. Os obxectivos expostos no planeamento son coherentes cos condicionantes resultantes da análise de partida e cos criterios establecidos no Documento de Referencia.
- 3.
- 4.
- 5.

ç

ANEXO 1:
SISTEMA DE INDICADORES
PLAN DE SEGUIMIENTO

Sistema de indicadores:

INDICADORES DE PLANEAMENTO				1
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
consumo de solo	superficie de solo edificable / hab	Σ solo total clasificado edificable (urb+urbaniz+n. rural) / n° hab	urb+urbaniz+n. rural = 719,15 Ha 0,07 Ha / hab; 700 m ² / hab	
	solo artificializado (antes do Plan) / solo clasificado (despois do plan)	Σ novo solo clasif. edificable / Σ solo total clasif. edificable (urb+urbaniz+n. rural)	antes: 655,36 Ha despois: 719,15 Ha	
	intensidade de uso (viviendas / Ha)	núm. viviendas (existentes ou previstas) / solo artificializado (actual ou clasif.)	8.974 viv. totais/ 719,15 Ha: 12,5 3.681 viv. existentes / 655,36: 5,6	
	distrib. dos novos desenvolvementos planificados	% segundo situación previa do solo	% solo urbaniz./solo resid:1,33 % solo urbaniz./solo urb: 147,23 % solo urbaniz./nuc. rural: 21,95	
	edificación horizontal e vertical	Σ superficie \leq 1 altura e \geq 2 alturas	193.000 m ² / 359.000 m ²	
	compactidade da edificación	vol. edificado / unid. superf. urbana y núcleo rural	0,79 m ² / m ³	
	variación do padrón nos últimos 25 anos	<p>(Evolución da poboación entre 1981 e 2006: -23,5%)</p>		
	xestión de residuos	Previsión de espazos para tratamento de refugallos	superficie prevista de espazos para tratamentos de residuos (antes e despois do plan)	antes do plan: 1 esp. (2.797 m ²) despois do plan: 2 esp. (4.297 m ²)
actividades económicas	Sup. do solo para actvs. económicas previsto no PXOM e % segundo a situación previa do solo (virxe ou xa artificializado)	Ha e %	14,5 Ha / 100 %	
medio natural	sup. de solo rústico e urbano desglosada en tipos de figs. de protección que figuran na Rede Galega de Espazos Protexidos (Lei 9/2001 e Decreto 72/2004)		Protecc. Esp. Naturais: 244,89 Ha Protecc. paisaxística: 637,31 Ha 9,05 % do total	
	sup. de solo rústico e urbano do concello protexida polos seus valores culturais		Protecc. patrim. arquitect.: 2,86 Ha Protecc. patrim. Arqueol.: 22,74 Ha TOTAL: 25,60 Ha	
	norm. específica que regula a protección dos valores sinalados nos dous indicadores anteriores		- Lei 8/1995 - Lei 10/1995 - Ley 9/2000 - Lei 9/2002 - Orde 9/2003 - Lei 15/2004 de modif. da Lei 9/2002 - Lei 9/2006 - Lei 5/2006 - Lei 6/2007 - Lei 8/2007	
medio rural	núm. de núcleos de poboación		152 (1,5 ent / Km ²) (ano 2006)	
medio urbano	sup. de zonas verdes, servizos básicos e equip. en relación á poboación (antes e despois do plan)	m ² / hab	antes: 26,3 m ² / hab despois: 49,3 m ² / hab	
	accesibilidade ás zonas verdes, servizos básicos e equip. (antes e despois do plan)	hab ou viv. en área de influencia < 300 m, < 500 m	<300 m: antes: 65% / despois: 70% <500m: antes: 79% / despois: 86%	

INDICADORES DE PLANEAMENTO				2
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
movilidade sustentable	distrib. modal do espazo público	% de ocup. do espazo público polo vehículo privado, transporte público, peón, bicicleta respecto o total (antes e despois do plan)		O desenvolvemento do Plan non se define ao nivel de detalle suficiente para concretar os indicadores sobre mobilidade sustentable
	itinerarios peonís preferentes	lonxitude total (antes e despois do plan)		
	vías de coexistencia	lonxitude total (antes e despois do plan)		
	itinerarios ciclistas	lonxitude total (antes e despois do plan)		
	itinerarios reservados ó transporte público	lonxitude total (antes e despois do plan)		
vivenda	núm. total de novas viviendas previstas no plan	núm. de viviendas	8.974 - 3.681 : 5.293 vivs.	
	núm. total de novas viviendas previstas no plan con algún tipo de protección	núm. de viviendas e % sobre o total de novas viviendas	543 / 5.293 vivs. : 10,25%	
	distrib. da novas viviendas planificadas	% de novas viviendas en solo virxe e en solo artificializado	2.148 vivs. novas en solo virxe 5.293 - 2.148: 3.415 vivs en solo artific.	
	densidade residencial global	viv. / Ha (antes e despois do plan)	antes: 3.681 /sup. do concello: 0,37 viv/Ha desp: 8.974 /sup. do concello: 0,89 viv/Ha	

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				3
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
consumo de solo	solo artificializado	evolución real tras o plan	antes: 655,36 Ha / desp.: 719,15 Ha	
	recuperación de solos en desuso	ha	0 Ha	
	solos en desuso	ha	0 Ha	
	densidade de poboación	hab / ha de solo artificializado	7.751 / 707,12: 10,9 hab/Ha	
	patrimonio municipal ou público de solo	ha	equipamentos: 14,65 Ha zonas verdes: 27,6 Ha viario: non hai datos	
	superficie de solos contaminados	ha	0 Ha	
ciclo hídrico	demanda total municip. de auga	m ³ / ano	7.751 hab/180 l/hab/día: 1.395 m ³	
	consumo doméstico de auga	lt / hab / día	180 lt / hab / día	
	distribución da demanda	% doméstico, industrial, servizos	non hai datos municipais	
	perdidas na rede de abastecemento	% sobre o total	non hai datos municipais	
	viv. con rede de abastecemento de auga	% sobre o total	70 %	
	viv. con rede de saneamento e conectadas a EDAR	% sobre o total	áreas urbanas: 100 % áreas rurais: 70 %	
	rede de saneamento separativa co respecto ó total	%	na Serra de Outes (15% do total do concello)	
	% de auga reutilizada	%	0 %	
	calidade da auga dos ríos e diversidade biolóxica		non existen fontes de contaminación industrial	
enerxía	consumo total electricidade e gas natural	Ktep / ano	1,12 tep / ano / fogar (4,12 Ktep / ano)	
	distribución do consumo	% doméstico, industrial, servizos	non existen datos	
	núm. de edfs. con certificación enerxética		0 %	
	vivendas con instalacións solares	% sobre o total	1,08 %	
	enerxías renovables no consumo municipal	% sobre o total	o 100% da enerxía procede la rede eléctrica. A porcentaxe de enerxías renovables é indeterminada	
emisións de contaminantes	calidade do aire urbano	núm. días de boa calidade ou % de pob. exposta a niveis elevados dos distintos contaminantes	En Outes non existen fontes de contaminación atmosférica	
	% de pob. exposta a niveis sonoros superiores ós recomendados pola OMS		0 % (non existen fontes de contaminación sonora)	
	núm. de antenas / instalacións de telef. celular no concello		3 antenas con licencia	
xestión de residuos	xeración de residuos urbanos	Kg / hab / ano	332,15 Kg / hab / ano	
	distrib. da xestión dos RSU (vertedoiro, incinerac., reutilización ou reciclaxe)		existe recollida selectiva (100%) na maior parte dos núcleos	
	xeración de residuos perigosos	Tm / ano	0 Tm	
	distrib. na xestión dos residuos perigosos (valorización ou eliminación)		non existen datos	
	reutilización dos materiais de construción	%	0 %	
	recollida selectiva	%	80% do término municipal	

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				4
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
actividades económicas	evolución do solo para as actividades económicas	evolución real tras o plan (Ha e %)	o solo para as actv. económicas aumenta en 14,5 Ha.	
	familias que perciben a prestación de rendas básicas		RISGA: 5 familias (2006) AES: 0 beneficiarios (2005) Pens. non contrib.: 304 benef. (2005)	
integración social	taxa de desemprego		9,3 % (2001)	
	actividades realizadas para fomentar a participación pública no planeamento		exposición do PXOM nas parroquias do concello	
	satisfacción da cidadanía co concello		o nivel de satisfacción é bo	
medio natural	evolución do solo protexido		non varía co desenv. do Plan	
	grao de diversidade faunística	superf. especies autóctonas / superf. esp. alóctonas	non se detectan especies alóctonas no territorio municipal	
	índice de corredor verde	% superf. de bosque de ribeira / superf. total do concello	1,9 % do total	
	grao de mantemento de cultivos e pasterías	% superf. de cultivos e pasterías / superf. total do concello	20,6 %	
	pob. municipal que vive no medio rural	% con respecto ao total do concello	pob. urbana: 3.096 hab (39,9%) pob. rural: 4.655 hab (60,1 %)	
medio rural	grao de conexión de núcleo rural	% superf. de circunscrición de núcleo (solo núcleo rural + solo agrícola tradicional / superf. total do concello)	total concello: 9.970 Ha total rural: 2.522,5 Ha	
	índice de biodiversidade		ver o apartado 4.8 do ISA	
medio urbano	núm. de especies de fauna urbana		non existe fauna urbana	
	densidade de poboación en medio urbano	hab solo urbano / superf. solo urbano	antes: 50% desp: 55%	
	liñas subterráneas de infraestruturas e servizos	%	non existen datos	

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				5
variable	indicador	cráterios de medición	cálculo / valor	
rehabilitación e renovación urbana	licencias para rehabilitación de edfs. e vivendas	núm.	150 licencias / ano	
	entidades colaboradoras para o mantemento e conservación constituídas no concello	núm.	0 (non existen)	
	calidade do inmoble	% edfs. tradicionais sobre o total	54 % sobre o total das edificacións	
movilidade sustentable	evolución dos indicadores de planeamento dedicados á mobilidade sustentable tras o plan	% e lonxitude total	Nun concello das características de Outes, os indicadores sobre mobilidade sustentable non son de aplicación	
	desprazamentos da poboación	despl. / hab. / día		
	distancia media por habitante	Km / hab /día		
	distrib. dos desprazamentos por modos	% transporte público, vehículo privado e outros		
	núm. de viaxeiros que empregan o transporte público			
	% de desprazamentos dentro do concello	%		
	intensidade de tráfico nas estradas que atravesan o concello	núm. de vehículos / día		IMD 2.984 vehic. (6,2% pesados). Estación AC-550(43), Serres.
	estimación dos GEI xerados por transportes e desprazamentos	Tm de CO ₂ /día	2.984 vehic./día (IMD 2007: M. Afors) e 20 Km percorridos por vehículo. Consumo estimado medio de 1,18 lts de combustible por vehículo, e 2,5 Kg de CO ₂ emitido por lt. de combustible TOTAL: 9,78 TM de CO ₂ /día	
vivenda	demanda de vivenda protexida	núm. de vivendas	non existen datos	
	prezo medio da vivenda en relación á renda media dispoñible		1.200 € / m ²	
	vivendas baldeiras	%	24,3 % (893 vivendas).	
	vivendas en ruínas		2,6 % (94 vivendas).	
outros	índice de envellecemento da poboación municipal	relación entre a pob. >64 anos e a pob. <20 anos	220,6 (ano 2006)	
	renda dispoñible bruta	€ / hab	7.495 € / hab (ano 2002)	

Plan de seguimento:

PROGRAMA DE SEGUIMENTO			
variable	impacto potencial	método de control	duración e frecuencia
consumo de solo	Edificación fora das áreas delimitadas polo Plan.	As licencias que se concedan respectarán rigurosamente o ámbito delimitado	Cada vez que se emita licenza municipal
ciclo hidrico	Alteracións da calidade das augas superficiais e subterráneas (mananciais). Manter limpos os colectores para augas pluviais para evitar asulagamentos e/ou contaminación das augas e os leitos fluviais.	Vixancia directa e análises de parámetros físico-químicos da auga. Velarase pola calidade da auga da ETAP e pola inocuidade dos vertidos da EDAR	Mensual
enerxía	Consumo enerxético na iluminación pública Contaminación lumínica	Vixiarase que a dotación e substitución das lámpadas farase con dispositivos de baixo consumo. Vixiarase que as pantallas sexán conformes á normativa sobre contaminación lumínica e, cando proceda, serán substituídas por outras iguais	Cando sexa preciso
xestión de residuos	Xeración de residuos urbanos, industriais e da actividade agrogandeira.	Establecemento de pautas de separación dos refugallo e de reciclaxe. Vixiar que non se depositen refugallo de calquera tipo máis aló dos puntos destinados a ese fin. (punto limpo e espazos de depósito de plásticos da actividade gandeira	Mensual
medio natural	Alteración da naturalidade do medio. Afeccións en zonas protexidas	Vixiarase calquera acción que poida afectar ao medio natural en calquera das súas formas. Impedirase calquera acción que se leve a cabo en zonas protexidas, calquera que sea a súa figura de protección	Mensual
medio rural	Edificación fora das áreas delimitadas para a ampliación dos núcleos rurais. Non respectar a tipoloxía tradicional dos núcleos rurais Invasión ou afeccións ao alfoz dos núcleos que supoña perda do seu valor para a actividade agrícola	Control das licencias e proxectos de edificación ou calquera actividade a levar a cabo nestes núcleos.	Cando se soliciten licencias e policía urbanística
medio urbano	Colmatación dos espazos intersticiais baleiros (impacto positivo)	Contemplarase a preferencia de proxectos que se situen en espazos baleiros das tramas urbanas de Outes	Cando se soliciten licencias
rehabilitación e renovación urbana	Renovación da paisaxe urbana. Impacto positivo	Primaranse os proxectos de rehabilitación de vivendas no medio urbano fronte as edificacións de nova planta	no momento de solicitude de licenza

Ademais do indicado no cadro anterior, terase en conta calquera desviación significativa dos valores indicados nos cadros de indicadores de seguimento e control (cadros 1 e 2) e, máis concretamente, controlaranse, por parte do órgano xestor, os seguintes aspectos:

- Calidade do aire (fase de obras): impactos provocados pola maquinaria de obra e o tráfico de vehículos pesados
- Ruído e vibracións (fase de obras): procedente do tráfico pesado
- Calidade da auga: escorrentía superficial
- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras e de funcionamento
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento
- Integración social: verificación do estado da integración social do proxecto fronte a persoas discapacitadas

Variables a ser medidas:

- Calidade do aire (fase de obras): niveis de inmisión e emisión para as seguintes variables: CO e CO₂
- Ruído e vibracións (fase de obras e explotación): procedente do tráfico pesado e da actividade industrial
- Calidade da auga: escorrentía superficial. Conductividade eléctrica do rego augas arriba e abaixo do ámbito
- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento. As variables a contemplar son: superficie revexetada e número de árbores introducidos nas zonas verdes.
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras. As variables a contemplar son: volume de residuos industriais e o seu destino. Residuos de envases e embalaxes, residuos inertes, residuos perigosos. Na fase de funcionamento serán as empresas instaladas no polígono as que, segundo a súa licenza de actividade, controlen este parámetro, verificándose o seu cumprimento polo órgano xestor.
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento.

- Integración social: as variables a seguir son: número de prazas de aparcamento dedicadas a persoas discapacitadas, a súa ubicación estratéxica e o seu uso; e detección e eliminación de barreiras arquitectónicas na urbanización, na edificación para uso industrial e na accesibilidade ás áreas públicas.

ANEXO 2:
INFORMES SECTORIAIS

Informes sectoriais

INFORME DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS DA DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.

Con data de 12 de maio de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Respecto do artigo 3.6.5. procede incluír a estrada de nova construción AC-554 (Ribademar AC-550-Catasueiro AC-550) con categoría de rede primaria básica.
- Procede modificar o articulado das áreas de expansión dos núcleos rurais incluíndo as prescricións do informe.
- Procede impedir nas condicións do desenvolvemento dos polígonos P-RV-01, P-SE-06 e P-SE-07 a imposibilidade de realizar xiros á esquerda. Por outra banda compre modificar a ordenación prevista para o P-SE-06, incluíndo unha separación física entre a banda de aparcamento e a estrada autonómica. Por último comprobouse que o P-SE-16 non linda con ningunha estrada de titularidade autonómica.

INFORME DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO CORUÑA

Con data de 17 de novembro de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede modificar a normativa no relativo á distancia de peches.
- Procede incorporar ós planos de información urbanística a estrada CP-6201.
- Procede modificar o articulado no sentido de recoller as condicións xerais de protección especial das estradas.

INFORME DA “DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y EL MAR” DA “SECRETARÍA GENERAL DEL MAR”

Con data de 30 de abril de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede incorporar a denominación correcta da servidume de protección. Asemade procede corrixir os planos e incorporar a traza correcta do deslinde e da súa servidume de protección.
- Procede modificar o artigo 11.3.9. da normativa no sentido de dar prevalencia ás maiores limitacións impostas pola lexislación de costas sobre o dominio público marítimo-terrestre e a súa servidume de protección.
- Neste punto concreto compre aclarar, ó respecto do informe, que por un lado temos o reparto do aproveitamento urbanístico e por outro a propia natureza urbana dos terreos, regulada polo artigo 12 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións. Segundo o disposto no artigo 10 da devandita Lei “os *plans xerais de ordenación municipal* deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico”. Enténdese que sendo o dominio público marítimo-terrestre parte do termo municipal tamén estará suxeito a clasificación. Tendo en conta o informe emitido ó PXOM de Outes pola Área de explotación e planificación de Portos de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (de data de 18 de febreiro de 2008), no que se indica a natureza urbana dos portos baixo a súa tutela, procede excluír da delimitación do solo urbano para incluílos en solo rústico de protección de costas, os terreos afectados pola servidume do deslinde público marítimo-terrestre a excepción das concesións portuarias da comunidade autónoma (porto do Freixo, porto do Conchido e porto da Barquiña).
- A depuradora da Serra de Outes, por atoparse en parte no dominio público marítimo-terrestre, evidentemente que está en situación de fóra de ordenación sen necesidade de facelo constar explicitamente.
- Procede definir claramente nos planos as zonas de adscrición portuaria.
- Procede modificar a normativa referente ós tres solos urbanos en coherencia co indicado na disposición transitoria terceira da Ley de Costas. Para o caso da zona máis consolidada pola de edificación de Ribeira do Freixo procede fixar no plano de ordenación correspondente o tramo de fachada marítima que verifica as condicións establecidas na devandita disposición transitoria terceira.
- Procede modificar a normativa no sentido de estender as disposicións da Ley de Costas a toda a franxa costeira independentemente da clasificación como solo rústico de protección de costas.
- Procede incorporar ós planos do PXOM as concesións existentes.

INFORME DA ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN DE PORTOS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.

Con data de 19 de febreiro de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede modificar os planos de ordenación de maneira que o ámbito que delimita a zona de servizo adscrita estes portos so se contemple como sistema xeral portuario.
- Procede modificar a normativa incluíndo as referencias ó sistema xeral portuario e á normativa transitoria en tanto non se aproba o correspondente Plan Especial.
- Procede modificar a memoria no sentido de recoller a normativa sectorial vixente en materia de portos.
- No tocante á clasificación do solo compre indicar que segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións “*os plans xerais de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico*”. Segundo os artigos posteriores a este a clasificación obedecerá ás características que concorran en cada un dos terreos indicados. A este respecto compre aclarar que ó porto do Freixo e ó do Conchido corresponde a clasificación de solo urbano, pois están integrados na malla urbana definida polo planeamento. No caso da Barquiña compre indicar que os terreos inmediatamente lindantes con el atópanse clasificados como solo de núcleo rural, sendo esta a clasificación que lle corresponde pois é no ámbito no que se integran as instalacións existentes.
- Os elementos catalogados AC-18, CR-43 e OC-03, xa figuran na documentación remitida e trátanse respectivamente da Carpintería de Ribeira do Freixo, do Cruceiro do Freixo e do Peirao da Barquiña, todos eles recollidos no inventario da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura.
- Por último procede incluír na normativa unha prescrición para as solicitudes de licenza que poidan afectar ós plans especiais portuarios do Freixo, do Conchido e da Barquiña, condicionando a concesión destas á obtención do informe de Portos de Galicia.

As modificacións de normativa plasmaranse no novo artigo 3.6.6. Sistema Xeral Portuario.

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.

Con data de 2 de xaneiro de 2008 foi emitido informe favorable polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes.

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

Con data de 28 de xaneiro de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se incorporan o Informe de Sustentabilidade Ambiental ISA.

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL CONSERVACIÓN DA NATUREZA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

Con data de 7 de xullo de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede incorporar ó PXOM coa clasificación de solo rústico de protección de espazos naturais os seguintes humedais: Esteiro do Tambre (incluído no LIC da Rede Natura), Braña do Cotro, Pedra do Coiro e Veiga do Cu de Mula. As Veigas do Río Bendimón, debido á súa extensión superficial, 0,09 Ha, intégrase na protección do solo rústico de protección de augas vinculado a este río.



**MEMORIA AMBIENTAL CORRESPONDENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN XERAL DE ORDENAMENTO MUNICIPAL DO
CONCELLO DE OUTES.**



1. Resumo do planeamento

O presente documento constitúe a memoria da avaliación ambiental do novo planeamento de ordenación urbanística do termo municipal de Outes, provincia da Coruña. O concello de Outes réxese, na data actual, polas Normas Subsidiarias de Provinciais (en diante NNSS), aprobadas definitivamente cunha serie de modificacións pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, en sesión de 5 de agosto de 1977. Estas modificacións foron aprobadas polo pleno en decembro de 1982 e na Comisión Provincial de Urbanismo en 1985.

O desenvolvemento constante da actividade construtiva no termo municipal, sobre todo na Serra de Outes e na Ribeira do Freixo, e de núcleos rurais vinculada a segunda residencia, así coma a aparición de actividades non desexadas dentro do solo rústico no marco delimitado polas NNSS motivaron a redacción do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Outes (en diante PXOM ou simplemente plan), para axeitar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio (municipal e comarcal), así coma permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a lexislación permite.

As principais ideas de futuro plasmadas no mencionado documento de aprobación inicial foron resumidas na continuidade do trazado e clasificación dos núcleos existentes, procurando ordenar os crecementos xurdidos tanto ao amparo da normativa como á marxe desta sempre e cando se consideren conformes cos intereses municipais, co fin último de impulsar o desenvolvemento socioeconómico do concello, mediante a introdución dos sistemas de xestión e actuación que eviten desequilibrios no proceso urbanizador, melloren a realidade física existente, e o nivel de equipamentos e servizos buscando a integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio. Toda acción proxectada no PXOM debe ir orientada a incrementar a identidade do concello reforzando a centralidade e potencia da capital municipal, xunto co sistema de subcentros urbanos que fan a transición aos núcleos rurais e dan maior uniformidade ao termo municipal. Nesta liña o PXOM procura:

- que as previsións de novo solo a incorporar no proceso urbanizador estean suficientemente dimensionadas, non so respecto ás previsións de crecemento demográfico, senón empresarial ou turístico, e de segunda residencia (se ben tendo en conta que este é case imprevisible);



- priorizar o sistema xeral de comunicacións, tanto nos seus aspectos de mellora das actuais vías, que nalgúns casos deberán buscar alternativas, coma na súa potenciación e diversificación;

- establecer no medio rural, por un lado, un marco que posibilite o mantemento e mellora do medio físico natural no que se enclava (de indubidable valor), e por outro, potenciar un desenvolvemento cualitativo do mesmo que primará sobre o cuantitativo. Así, “débase tratar con especial sensibilidade tódalas áreas que, intrinsecamente, presentan un notorio interese medioambiental ou ecolóxico, xunto có tratamento que se debe dar aos núcleos rurais, conforme á Lei do Solo de Galicia”.

O plan propón un sector industrial único situado no entorno do río Rial e o humidal Braña de Cotro, o S-01, e 3 sectores de SUD máis 5 sectores de SUND de uso residencial. O resto do municipio (sen considerar o solo urbano) clasifícase como solo rústico de diferentes categorías de protección: paisaxística, agrícola, forestal, de cursos fluviais e de espazos naturais; a excepción dun sector clasificado de protección ordinaria.

O ámbito de aplicación do PXOM é o termo municipal de Outes, que se atopa enclavado a medio camiño entre as zonas costeiras, na ría de Muros e Noia, e as agrícolas de interior (concellos de Mazaricos, Negreira ou Santa Comba), na meseta do Xallas. A súa inclusión na comarca de Noia é só en parte, pois grande parte da zona alta do termo municipal vencéllese aos concellos de interior, participando tanto das actividades agropecuarias e marisqueiras do sector primario como do sector turístico.

Respecto das características sociais e demográficas que sustentan e xustifican as actuacións en materia de ordenación, o concello sinala un marcado carácter estacional da poboación, e unha modernización do tecido empresarial e do sector primario (“a pesares de que ofrece perspectivas lixeiramente optimistas debido ó estancamento demográfico xeneralizado en toda Galicia”). Asemade, o PXOM reconece: que “a *especialización e desenvolvemento futuro están aínda sen consolidar*”; aseguran que “o *municipio mellorou a súa diversificación económica e afronta o futuro sobre a base do tirón comarcal da proximidade e dos efectos inducidos pola referencia compostelá*”, e que “*esta será aínda maior no momento en que entre en funcionamento a autovía Santiago-Noia (na actualidade en execución), así como a variante da AC-550 que aproximará ó concello a tan so 20 minutos da capital de Galicia*”.



2. Análise do proceso de avaliación ambiental estratéxica.

2.1. Tramitación do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica

Con data 7 de marzo de 2007 e rexistro de entrada nº 7642, o concello de Outes, órgano promotor deste plan, solicitou formalmente á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (CMADS) o inicio do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) mediante a entrada no rexistro da CMADS do documento de inicio (DI) do plan, no que se recollen os aspectos básicos de cara á súa avaliación ambiental.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (DXDS) da CMADS remitiu mediante comunicación do 29 de marzo de 2007 e rexistro de saída nº 6386 o inicio do procedemento de AAE do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Outes.

Paralelamente, a DXDS como órgano ambiental do procedemento de AAE, consultou ó Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) e facilitou ó público en xeral a través da dirección web <http://aae.medioambiente.xunta.es> o acceso ó documento de inicio do PXOM para que, no prazo de 1 mes, dende o 22 de marzo ó 23 de abril de 2007, se formularan observacións para a elaboración do documento de referencia polo que respecta ás pautas e criterios a ser tidos en conta no proceso de AAE.

Tomando como base o documento de inicio, e os resultados da participación do COGAMADS e das consultas, a DXDS redactou o documento de referencia coa intención de guiar ao concello no devir do proceso de AAE. Este documento foi enviado con data de 7 de agosto de 2007 e rexistro de saída nº 16171 ó concello de Outes.

Seguindo os criterios e directrices especificados no documento de referencia e tendo en conta o que a Lei 9/2006 establece, o concello de Outes elaborou a proposta do plan da que forma parte integrante o Informe de Sustentabilidade Ambiental (en diante ISA).

O 14 de decembro de 2007 foi aprobado inicialmente o PXOM de Outes e, de acordo coas esixencias de participación pública derivadas do proceso integrado de elaboración e aprobación do planeamento urbanístico descrito na Lei 6/2007, o documento do plan (coa súa parte integrante, o ISA) someteuse ao trámite de consulta pública nos prazos regularmente establecidos, dende o 2 de febreiro ó 2 de abril de 2008, tras ser inserido o correspondente anuncio no DOG núm. 23, de 1 de febreiro de 2008.

O 15 de xaneiro de 2009, o concello de Outes remitiu á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible toda a documentación do plan para a redacción da memoria ambiental por parte do órgano ambiental.

2.2. Integración das variables de sustentabilidade e os seus criterios na elaboración do planeamento.

2.2.1. Análise dos condicionantes previos na área de estudo e o seu ámbito de influencia.

O planeamento realizou un estudo da situación actual do medio socioeconómico, onde se analizan a demografía, a actividade económica, as dotacións, as infraestruturas e equipamentos, e o patrimonio histórico artístico do concello. A análise fíxose a escala municipal, aproximándose ao ámbito de estudo a través da literatura existente e do traballo de campo. Tamén se analizou o medio físico e biótico do territorio no que se describe a xeografía, a climatoloxía, a hidroloxía, a xeoloxía, a situación medioambiental (fontes de contaminación e refugallo), os espazos de fragilidade ambiental, a paisaxe coas súas diversas tipoloxías, as praias, a flora e a fauna.

Ao respecto dos elementos máis significativos do ámbito de influencia da actuación, o planeamento fai referencia á dualidade que caracteriza ó termo municipal de Outes:

- rural nas áreas do interior, con bosques autóctonos e terras de labor que rodean aos núcleos rurais conformando a paisaxe típica da bisbarra, sobre todo na zona norte limítrofe co municipio de Mazaricos, aínda que tamén nas zonas de concentración parcelaria asociadas principalmente ós vales dos ríos que conforman o municipio;
- e costeiro, coas súas praias e esteiros.

E destaca os seguintes espazos naturais no ámbito de estudo: LIC *Esteiro do Tambre* inserido na Rede Natura 2000; o *Monte Tremuzo* e a *Serra de Outes* como espazos de interese paisaxístico (miradoiro e paisaxe forestal respectivamente); zonas costeiras, cursos fluviais, humidaes e espazos de ribeira como o humidal do esteiro de Pontenafonso, a *Braña de Cotro*, *Veigas do río Bendimón*, *Veigas de cú de mula* e *Pedra de Coiro*; entre outros ecosistemas clasificados como fráxiles.

Ao respecto da problemática detectada no concello, o PXOM identificou e describiu de forma sucinta os seguintes aspectos:

- a dispersión e afección dos núcleos de carácter rural tradicional, sobre todo na zona costeira, provocado en parte polos asentamentos lineais entorno ás vías de comunicación, e en casos máis puntuais, vinculados a fenómenos de segunda residencia.
- colonización do medio agrícola con vivendas non vinculadas á explotación dos recursos do medio no que se asentan, e provocando fenómenos de urbanización de solo rústico, coa merma de aproveitamento que isto supón.
- o envellecemento da poboación cun crecemento vexetativo moi baixo
- a escaseza de solo de uso industrial

- as deficiencias nas redes de abastecemento, saneamento e depuración
- a falta de figuras e instrumentos de protección para as terras de labor e zonas de interese cultural, paisaxístico e ambiental do concello.

O PXOM non fixo referencia a outros plans ou programas relacionados ou en interacción co ámbito de aplicación do PXOM.

2.2.2. Obxectivos e criterios estratéxicos

No punto 5 do ISA establecéronse unha serie de criterios e obxectivos urbanísticos e ambientais entendidos como metas ou aspiracións fixadas polo novo PXOM, evocando ós principios de *viabilidade* (en canto a localizar as distintas accións en función das súas posibilidades reais e dos obxectivos propostos, minimizando as afeccións negativas e simplificando, na medida do posible a xestión administrativa), *flexibilidade* (adaptación ós distintos estadios ou fases de desenvolvemento e as diferentes alternativas que se podan producir), *realidade* (acorde á capacidade económica tanto da administración pública como do sector privado, e establecendo como condicionante o parcelario actual), e *equidade* (evitar a xerarquización do territorio en áreas con diferentes niveis de calidade).

Entre os obxectivos xerais, o PXOM pon de manifesto o propósito de obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanisticamente equilibrado, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes, preparando ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización e procurando un maior dinamismo dos sectores produtivos, neste caso os agropecuarios, forestais ou ecoturísticos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia de tres núcleos urbanos, no que a día de hoxe se concentra a principal consolidación edificatoria e existencia de servizos, a existencia dun entramado de núcleos máis miúdo cuxa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

En directa relación cos problemas urbanísticos detectados, o PXOM definiu o sistema de obxectivos urbanísticos sectoriais perseguidos no plan:

A) Reestruturación funcional do tecido urbano:

- A.1) Equilibrio urbanístico entre diferentes áreas do concello.
- A.2) Impedir a invasión indiscriminada do territorio.
- A.3) Completar a trama urbana do núcleo urbano existente, mellorando a súa funcionalidade.
- A.4) Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais circundantes

B) Consideración da importancia do medio rural:

- B.1) Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- B.2) Conservar a parroquia como institución básica da convivencia rural.
- B.3) Potenciar as actividades agropecuarias e forestais.
- B.4) Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- B.5) Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

C) Conservación ambiental:

- C.1) Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, ...).
- C.2) Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental.
- C.3) Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.
- C.4) Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.
- C.5) Ordenar adecuadamente as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ao sector primario.

D) Dotación de elementos Comunitarios:

- D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.

D.2) Mellora das actuacións infraestruturais que supoñen unha recuperación da calidade de vida (saneamento, viario e rede xeral de comunicacións).

E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do concello, conservando cada unha das súas particularidades.

- E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no concello.
- E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.
- E.3) Fomento, de acordo coa Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.
- E.4) Fomento da rehabilitación da arquitectura tradicional.

No tocante ós obxectivos específicos de sustentabilidade, o PXOM establece unha serie de criterios respecto da sustentabilidade territorial e densidade urbana (que no caso dos núcleos rurais tradicionais ten que ir acompañado dunha política de preservación do medio rural co fin de potenciar o seu valor paisaxístico e ecolóxico, así como soporte de outros usos e actividades innovadoras, dentro do que se entende como "conservación activa do medio rural"), respecto dos límites territoriais do crecemento (en tanto que os crecementos propostos deberán ser proporcionais ó crecemento efectivo da poboación, entendendo como poboación a do núcleo urbano e a dos núcleos rurais; así como a intención de realizar unha proxección demográfica para o tempo de duración do PXOM), respecto do tratamento do medio rural e dos

seus asentamentos, respecto do turismo, da paisaxe (cuxa consideración e análise producirá decisións directas na ordenación, tales como a preservación de áreas vacantes, corrección de dinámicas e tendencias, emprego como recurso, etc.), e do patrimonio natural.

2.2.3. *Valoración da análise de alternativas.*

Para acadar os obxectivos descritos realizouse unha análise da incidencia ambiental dunha única alternativa de desenvolvemento do PXOM nos ámbitos propostos, e comparada coa alternativa 0 (entendida como a evolución do ámbito de estudo en ausencia de novo planeamento).

Dita análise de alternativas considérase correcta respecto da metodoloxía empregada, pois identificou os efectos sobre cada unha das variables ambientais indicadas no DR enviado ó concello e xustificou a selección da alternativa proposta; isto foi comparando a problemática derivada da evolución prevista do planeamento actual no concello fronte ás melloras introducidas co novo PXOM.

2.2.4. *Valoración dos efectos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e o deseño de medidas.*

A pesares da consideración do punto de partida da análise dos efectos a escala de proxectos, os efectos detectados no ISA foron debidamente identificados respecto dos criterios descritos para as variables ambientais tratadas no documento de referencia, facendo unha análise máis detallada sobre aquelas variables particularmente susceptibles de seren afectadas.

En xeral considéranse que os efectos detectados, ben a través da súa consideración no planeamento ou ben do establecemento de medidas concretas, seguen a liña do establecido no documento de referencia, sen menosprezo das consideracións que poidan figurar na seguinte análise por variable:

Solo

A alternativa seleccionada integrou parcialmente os criterios de referencia expostos no DR para esta variable, segundo a análise do entorno realizada no ISA (que establece os condicionantes ambientais), e o recollido no plan ó respecto dos obxectivos perseguidos co mesmo.

Nos criterios establecidos para esta variable no DR indicábase que a ordenación proposta ten que ser axeitada á previsión demográfica estimada para o período de vixencia do plan. Neste senso, o planeamento marca unas superficies de solo urbano



(SU) e urbanizable delimitado (SUD), que sumada ás reservas de solo urbanizable non delimitado (SUND) podería supor un crecemento de poboación que non ven xustificado por ningún estudo de previsión demográfica. Amais, o planeamento non ten en conta o importante número de vivenda baleira que existe no concello e que sería preciso ocupar antes de levar a cabo novos desenvolvementos urbanísticos (proxéctanse 3063 novas vivendas en SU e SUD residencial). Salientar tamén, que a superficie de solo non delimitado, ocupa en certos casos áreas, que pola súa localización, son susceptibles de posuír outra cualificación máis axeitada que permita a súa protección, como é o caso da SUND-06.

Se ben o PXOM establece un plan de etapas para a execución dos sectores de SU (consolidado e non consolidado) e SUD previstos no plan, dado que non figura cuantificado dun xeito obxectivo o grado de consolidación mínimo a acadar nos ámbitos residenciais dos SUD para comezar a executar os sectores de SUND, a prol dun crecemento racional e ordenado dos mesmos que contribúa a un consumo responsable do territorio e a un adecuado ritmo de desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos, a estratexia de execución dos distintos ámbitos previstos (incluídos os sectores de SUND) deberá ir supeditada a unha porcentaxe maioritaria do seu grado de ocupación, para a incorporación progresiva de cada ámbito ou sector ó tecido urbano.

Por outra parte, a delimitación do sector de Solo Urbanizable S-01 abrangue zonas susceptibles de protección de augas e de espazos naturais, non estando debidamente xustificada atendendo ó criterio de *“xustificar a idoneidade do planeamento con criterios racionais de estratexia de ocupación do solo”* recollido no DR. Amais, non se recollen cun grao de concreción suficiente as medidas encamiñadas a evitar os posibles efectos derivados de dita ocupación sobre os elementos ambientais máis relevantes do ámbito de influencia.

Respecto ó criterio do DR referente ó fomento de estruturas densas, compactas e complexas, e considerando o modelo de asentamento disperso coas áreas de expansión propostas, detéctanse amplos continuos urbanizados que se estenden no territorio ao longo das vías de comunicación. Este é o caso da Serra de Outes ou O Cotro-Canizos.

No apartado c) cítase que *“deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, (...), e a acouten co fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións”*; esta consideración tense en conta de xeito distinto e sen xustificación á hora de delimitar a área de expansión dos núcleos.



Así, en Vilardigo e A Toxeira as áreas de expansión invaden zonas susceptibles de ser cualificadas como Solo Rústico de Protección Agropecuaria, estendéndose por zonas onde non hai edificacións e duplicando a superficie actual, namentres que noutros núcleos se delimitou unha área de expansión axeitada ás dimensións actuais do núcleo e que continua co modelo de asentamento compacto, este é o caso de Brión de Arriba ou Vilar de Outes.

E polo tanto, o plan deberá xustificar as delimitacións proxectadas para os núcleos rurais e as súas áreas de expansión atendendo a un consumo racional do solo, ó fomento de estruturas densas, compactas e complexas, e á capacidade produtiva dos terreos.

Ciclo hídrico

Con respecto á variable do ciclo hídrico, nun primeiro momento cómpre indicar que o plan adoece de falta de concreción respecto da información aportada sobre os sistemas de abastecemento e saneamento de auga.

Do contido do Plan conclúese que na actualidade contan con abastecemento os principais núcleos, e que a poboación no diseminado carece deste servizo. Porén, o plan indica que se están a acometer varios proxectos que teñen por obxecto o abastecemento ó total da poboación do concello de Outes sen pomenorizar se eses proxectos tiveron en conta as previsións de crecemento da proposta de Plan. O que o Plan si considera prioritario é a construción de novos depósitos debido a que a capacidade dos actuais son unicamente suficientes para unha poboación de 4000 habitantes (aproximadamente a metade da poboación total do concello).

Se ben o Plan supedita o abastecemento de auga a execución material de proxectos sectoriais, non integra o criterio establecido no documento de referencia de garantir a viabilidade do sistema ó non aportar información clave sobre o funcionamento do servizo.

No tocante ó saneamento e depuración, o plan puxo de manifesto as deficiencias detectadas na capacidade da rede municipal, os problemas estruturais da EDAR actual, e a necesidade nun momento puntual de redactar un plan especial de emerxencia da zona onde se ubica a EDAR para reduci-lo impacto das augas fecais en zonas marisqueiras (consistente en medidas para reduci-la carga microbiolóxica das augas), así como a existencia de fosas sépticas nos núcleos máis afastados na zona oeste e sur do municipio. Porén, as solucións aportadas polo concello ao respecto non prevén actuacións de mellora ou mantemento do antedito sistema xeral que permitan o



bo funcionamento do mesmo, indicando que “o dimensionamento da actual EDAR para unha poboación superior ós 10.000 habitantes fai que, en base ás expectativas de crecemento do PXOM, non se considere necesaria a ampliación deste sistema xeral”. Asemade, aparecen grafadas sobre plano diferentes instalacións identificadas como fosas, considerándoas o Plan como “suficientes para a escasa poboación que sanean”.

Se ben se detectan carencias de información ó respecto da capacidade de acollida e bo funcionamento das infraestruturas municipais de saneamento fronte a demanda prevista no PXOM, este propuxo para a súa execución unha secuencia programada asociada ó desenvolvemento dos sectores urbanizables (delimitados), tanto residenciais como industriais, con inclusión de rede separativa.

Non obstante, o feito de que as dimensións da EDAR sexan, *a priori*, suficientes para cubrir á poboación prevista, non garante a súa capacidade de acollida nin funcionamento, tal e como se puido comprobar no plan especial de emerxencia, polo que non queda garantido o bo funcionamento das infraestruturas de saneamento e depuración previstas no PXOM, tanto para os desenvolvementos existentes como para os novos.

Polo tanto, a proposta de Plan que se aprobe definitivamente deberá resolver os problemas detectados nos servizos de saneamento e depuración con carácter previo ó desenvolvemento dos ámbitos proxectados no PXOM, de tal xeito que “quede garantida a depuración das augas a teito de planeamento”.

Medio rural

En xeral, o planeamento integrou axeitadamente a maior parte dos criterios establecidos no DR para esta variable. Sen menosprezo do recollido no presente apartado ó respecto da configuración dos núcleos rurais e da eficiencia dos sistemas de depuración existentes e previstos para os mesmos, o PXOM si encamiña as súas accións e obxectivos cara ó mantemento e conservación da tipoloxía tradicional e a protección da paisaxe rural. Isto plasmouse no PXOM vía ordenanza, coa regularización da tipoloxía de vivenda de nova creación, e nos criterios de deseño de planeamento, deixando libre de urbanización os espazos forestais e agropecuarios de maior interese produtivo identificados no estudo de medio rural, sen menosprezo da consideración recollida respecto das áreas de expansión dos núcleos rurais de Vilardigo ou A Toxeira.



Medio urbano

En xeral, o planeamento ten integrados os criterios de sustentabilidade establecidos no DR para dita variable, en tanto que considera o deseño de zonas verdes accesibles e de calidade ocupando os espazos intersticiais do entramado urbano, ten en conta a paisaxe urbana no deseño das actuacións, e opta por centralizar as dotacións municipais, localizadas no núcleo urbano de Outes.

Energía, Emisións contaminantes e Xestión de Residuos.

En xeral, o tratamento destas tres variables axústase ó solicitado no DR.

No tocante á enerxía, o PXOM incorporou, vía ordenanza, solucións de mellora da eficiencia e redución do consumo enerxético no alumeadado público.

Respecto das emisións contaminantes, o PXOM identificou as instalacións de radiocomunicación e de transporte de enerxía eléctrica, e estableceu medidas para minimizar o seu impacto como a eliminación do trazado aéreo nos núcleos rurais, a clasificación como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas no resto do trazado, e a non permisividade de urbanizar nas zonas afectadas por liñas de alta tensión. Tamén cómpre resaltar aquí a medida relativa ás barreiras vexetais no sector destinado a polígono empresarial, orientadas tanto a reducir o impacto visual como os ruidos procedentes do mesmo.

Porén, non foron considerados os efectos do tráfico inducido nin da presenza de industrias no ámbito proposto para o novo polígono empresarial, no entorno do núcleo urbano da Serra e dos núcleos rurais da Portela, Fontelos e O Vilar, os cales poderían verse afectados pola súa actividade; e no caso da Serra, ó verse atravesada pola vía de comunicación principal coa que conta o polígono, se acentuaría dita problemática asociada á contaminación por tráfico (conxestións, ruidos, fumes, ...), así como a inseguridade viaria dos seus habitantes.

Respecto á xestión dos residuos, o planeamento indica que o concello conta con recollida selectiva de residuos sólidos urbanos (RSU) na practica totalidade do termo municipal, con contedores soterrados no porto do Freixo e cun punto limpo no lugar de A Cepa, xestionados pola entidade *Mancomunidade de Concellos de Serra do Barbanza*. O plan tamén prevé a construción dun punto limpo específico para atender as necesidades do futuro polígono empresarial e o establecemento dun Plan Integral de Xestión de Residuos Industriais.

En canto a residuos de orixe gandeiro, o planeamento resta importancia ó seu volume indicando que é un sector en regresión. De todas formas, indica ó respecto que serán habilitados, preferentemente na zona norte do concello, os espazos que se consideren necesarios para a recollida destes, procurando a máxima centralidade.

Integración social e Actividades económicas

Estas dúas variables figuran en xeral axeitadamente tratadas no plan, tanto no relativo á poboación, no acceso e acondicionamento das áreas de esparcemento ou a previsión de infraestruturas sociais dende a perspectiva dos colectivos vulnerables no seu deseño, así como dos equipamentos e redes de espazos e centros públicos, suficientes e ben comunicados (o PXOM remarca o bo funcionamento do transporte público escolar, en contraposición con calquera outro medio de transporte público colectivo do que participa o concello), como no relativo ás actividades económicas proxectadas, destacando a contribución positiva que suporá a consolidación do tecido económico do concello á creación de postos de traballo, e a adopción dos principios da ecoloxía industrial (emprego de materiais locais, a redución de residuos e a prevención da contaminación) ó incremento da produtividade empresarial.

Medio natural e medio litoral

No que respecta ó medio natural, en xeral, o PXOM recolleu os elementos naturais máis salientables do concello e clasificounos segundo a categoría de protección correspondente. Tal é o caso do LIC Esteiro do Tambre (integrado na Rede Natura 2000), a enseada de Langaño, o borde litoral, os cursos fluviais e espazos de ribeira, os humidais e os montes forestais como espazos de interese paisaxístico, como o monte Tremuzo, entre outros. Porén, o plan non cartografou a totalidade dos humidais recollidos no apartado da análise, feito este que tamén recorda o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Tal é o caso dos humidais “Veigas de cú de mula” e “Pedra de Coiro”, ambos incluídos no Inventario de Humidais de Galicia.

Por outra banda, o sector urbanizable industrial S-01 emprázase no ámbito de influencia do humidal identificado como “*Braña de Cotro*”, se ben este si que aparece cartografado no plano de ordenación. Asemade, dito urbanizable atópase ocupando a zona de policía do río Rial, non aportando xustificación algunha ao respecto. E polo tanto non considerou o criterio do DR de “especificar cómo afectan as diferentes alternativas de planeamento aos espazos naturais que requiran dalgún tipo de protección”.

Paisaxe

No PXOM determínanse 5 áreas de Solo Rústico de Protección Paisaxística, constituídas en xeral polas áreas máis elevadas do concello, coa finalidade de preservar as vistas panorámicas e singulares do territorio (o mar, os cursos fluviais, os vales e outros monumentos ou edificacións singulares), e afectan fundamentalmente a masas forestais, coa excepción do borde litoral do esteiro do Tambre. Amais, recolle a prohibición de edificar sobre aqueles elementos relevantes da paisaxe, coma a costa, os cumios e franxa de protección dos cursos fluviais entre outros, e de “*non propoñer solos residenciais ocupando formacións orográficas e susceptibles de producir impacto paisaxístico, así como de aqueles solos con pendente superior ó 30%*”. Se ben, neste senso considérase importante sinalar que dita medida relativa á pendente non garante a non incidencia negativa na paisaxe, xa que os movementos de terra e muros de contención que se precisan nos procesos de edificación para pendentes inferiores á sinalada poderían seguir sendo considerables, cunha incidencia negativa non só na paisaxe, senón tamén no ciclo hídrico (pola interferencia coas capas permeables), e nos riscos derivados.

O Plan asume un compromiso expreso respecto da protección, conservación e rehabilitación das características ecolóxicas e culturais de cada contorno, e dos procesos que os fan posibles, facendo especial fincapé no patrimonio con valor etnográfico asociado á paisaxe agrícola tradicional. Outras medidas positivas respecto desta variable son a consolidación da trama urbana na que se contemplan accións de compactación, regularización e colmatación de espazos intersticiais, así como a definición dos espazos verdes en áreas de actual interese, unha ordenación do deseño vexetal e arborado e a conservación das árbores no medio rural. Igualmente suxire que “*en ningún caso se propoñan solos residenciais nas proximidades de calquera espazo natural ou proposto para a súa inclusión na Rede Natura, ou de calquera área recollida neste informe ou no plan como de Protección Ambiental*”.

Porén, actuacións previstas no PXOM ocupan zonas susceptibles de ser clasificadas como de Solo Rústico de Protección Paisaxística. Tal é o caso do sector SUND-06, que podería supoñer a perda de valores paisaxísticos asociados á paisaxe agrícola á vez que merma a visibilidade do val que enmarca a praia de Broña. Polo mesmo motivo, tampouco queda xustificada a clasificación dun sector próximo a este ámbito como Solo Rústico de Protección Ordinaria, cando presenta aptitudes para ser clasificado como Solo Rústico de Protección Paisaxística.

No que respecta á protección da paisaxe rural, deberase xustificar a permisión de construír locais para almacenaxe non asociados coa actividade agropecuaria no uso

global agropecuario de máis de 300 m², o cal podería poñer en risco a súa integridade paisaxística

Tampouco queda garantida a integración do espazo industrial S-01 na súa contorna, que, como se ven dicindo na presente memoria, non considerou os efectos sobre os condicionantes máis relevantes (humidal natural e vexetación de ribeira) presentes no ámbito de actuación; isto é, tanto nos criterios de localización coma de deseño, ó non contemplar medidas preventivas e/ou correctoras ó respecto que aseguren a súa integración na paisaxe circundante e garantan a continuidade visual do curso fluvial.

Patrimonio e Vivenda

O PXOM identificou os elementos patrimoniais arqueolóxicos e culturais máis relevantes do concello, recollidos nun catálogo de Bens de Interese Cultural. Asemade, o planeamento fai referencia ás delimitacións e regulacións de conservación, uso e diferentes niveis de protección a considerar nos ámbitos integrados polas construcións tradicionais e os espazos libres públicos. Axeitadamente, o plan prevé a creación de plans de protección e rehabilitación dos elementos de especial interese patrimonial existentes no concello, favorecendo a súa preservación e posta en valor, en coherencia co obxectivo referido de fomentar o turismo rural.

Mobilidade

Respecto desta variable, o PXOM estableceu criterios de deseño tendentes a resolver os problemas estruturais das infraestruturas de transporte e conectividade do concello, mediante a difusión e dotación de accesibilidade a todo o territorio, de maneira que ningunha parte do mesmo quedase marxinada ou disgregada á vez que evita a interferencia funcional co núcleo urbano existente e o estrangulamento do tránsito ao atravesalo, así como mediante a definición das medidas correctoras destinadas a resolver os problemas puntuais na rede de comunicacións. Porén, ditos criterios non foron plasmados no planeamento, ficando en meras intencións ás que non se fai máis referencia na documentación presentada.

Segundo se recolle no ISA: *“dende o concello buscarase a ampliación e diversificación do transporte público, coa intención de formar parte da rede de transporte e diminuír o emprego do transporte privado pola súa insostibilidade”*, se ben o PXOM non realizou unha análise pormenorizada das posibilidades de transporte colectivo que ofrece o termo municipal, este destacou as deficiencias de cobertura nesta liña e xustificou a dificultade de acadar un sistema viable de transporte público no medio rural en base a que a iniciativa privada está ausente pola falla de rendibilidade, e porque as

competencias para outorgar liñas de transporte non corresponde aos concellos. Dicur aquí, que para acadar un sistema de transporte colectivo (tanto público como privado) que sexa efectivo, deberíase ter realizado primeiro unha análise e despois un seguimento da oferta e da demanda no tocante ós horarios e cobertura do transporte público, para proxectar un servizo versátil e capaz de responder ós cambios de demanda sobre os principais fluxos de desprazamento (considerando por exemplo o carácter estacional da demanda).

Asemade, e dado que o PXOM recolle a intención de incentivar ó uso peonil e da bicicleta a través de proxectos urbanísticos e vía ordenanza (no seu art. 7.2.1 de urbanización viaria), de cara a planificar unha rede intermodal de mobilidade que se adapte ás necesidades reais da poboación, recoméndase a creación de itinerarios efectivos (tanto peonís como para desprazamentos en bicicleta, como de transporte colectivo), que unan os principais focos xeradores de desprazamentos e faciliten a intermodalidade entre os anteditos sistemas de mobilidade alternativos ó vehículo privado motorizado.

Consecuentemente, o PXOM deberá integrar solucións para afrontar as necesidades de mobilidade inducidas polo planeamento resultante, desde unha perspectiva global da súa área de influencia para a conexión cos principais destinos ou focos de actividade (tanto intermunicipais coma intramunicipais), de xeito que se reduzan as distancias e as afeccións asociadas á mobilidade, como por exemplo: propoñendo alternativas ó vehículo privado motorizado, co transporte colectivo (autobuses adaptados, coches compartidos, taxis,...), e/ou os itinerarios peonís e ciclistas; establecendo regulacións restritivas para o tráfico rodado en solo urbano, minimizando a construción de novas vías a favor da restauración ou adecuado mantemento das existentes, incrementando as zonas vexetadas como captadores de emisións de GEI, evitando a fragmentación de hábitats,....

2.3. Valoración do plan de seguimento e as súas medidas.

O ISA recolle o sistema de indicadores (punto 9.1 do ISA e anexo 1 da presente proposta de memoria) proposto polo DR, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos ambientais. En concordancia co sistema de indicadores, deséñase un plan de seguimento (punto 9.2 do ISA e anexo 1 da presente proposta de memoria) que contempla o impacto a seguir, o método de control e a frecuencia do control. Tamén se indica o responsable do control do programa de seguimento, aínda que tan só para o caso do polígono industrial proxectado.

Dentro do control de actividades o plan establece unha serie de parámetros de medida relativos á: *calidade do aire* na fase de obras (niveis de inmisión e emisión para as variables

CO e CO₂); *ruído e vibracións* tamén na fase de obras e explotación (procedente do tráfico pesado e da actividade industrial); *calidade da auga* procedente da escorrenta superficial (condutividade eléctrica do rego augas arriba e abaixo do ámbito); *paisaxe*, coa verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento (superficie revexetada e número de árbores introducidos nas zonas verdes); *residuos* (orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos), que no caso dos industriais serían as empresas as que, segundo a súa licenza de actividade, controlen este parámetro, verificándose o seu cumprimento polo órgano xestor; *contaminación de solos* (verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento); e *integración social* (número de prazas de aparcamento dedicadas a persoas discapacitadas, ubicación estratéxica, uso, e detección e eliminación de barreiras arquitectónicas na urbanización, na edificación para uso industrial e na accesibilidade ás áreas públicas).

O plan de seguimento establece unha programación temporal para o control dos parámetros descritos, e unha serie de indicadores de seguimento e control que miden ou representan a evolución dos aspectos relacionados con cada unha das variables ambientais estudadas con anterioridade, para comprobar se cumpren os obxectivos ambientais establecidos no PXOM.

Os indicadores propostos considéranse adecuados en coherencia cos obxectivos ambientais perseguidos no PXOM, sen menosprezo da consideración realizada para a inclusión do indicador do grao de ocupación dos ámbitos residenciais propostos para a incorporación progresiva de cada ámbito ou sector ó tecido urbano. Nesta liña, as medidas descritas son, en xeral, adecuadas respecto das actuacións recollidas no plan; non obstante, o grado de concreción das mesmas, sobre todo nalgún caso como as establecidas para as variables ciclo hídrico e mobilidade (medición de parámetros químicos, condutividade e inmisión de gases, sen concretar como se levarán a cabo ditas medicións), dificultan a súa valoración ou suxiren dúbidas ó respecto da súa idoneidade; noutros, foron escasas ou consideradas de pouca relevancia: medio natural (intención de vixiar calquera acción que poda afectarlle e que se leve a cabo en zonas protexidas, sen concretar medidas), medio litoral (sen medidas); calidade do aire (como en mobilidade); flora e fauna (sen medidas).

Tras analizar a información que aportan os indicadores, as medidas propostas e a súa programación temporal, conclúese que o PXOM contempla, en liñas xerais, un plan de seguimento acorde ó esixido no DR enviado ó concello de Outes. Isto é, que o PXOM prevé o seguimento da súa evolución e eficacia, e establece unha periodicidade de revisións que dependerá do factor a controlar e das circunstancias particulares e imprevisibles que puideran xerarse. Se ben, recoméndase emendar as deficiencias atopadas nas medidas e indicadores

propostos no plan de seguimento ó fin de cubrir axeitadamente os efectos que se pretenden avaliar.

Paralelamente, o PXOM estableceu, vía ordenanza, a creación dun órgano xestor do polígono industrial que funcionaría co principio básico de fomentar políticas incentivadoras ou promotoras antes que penalizadoras, establecendo un código de conduta ambiental. Este órgano estaría supervisado polo concello e cumpriría certas funcións como a xestión dun Plan de seguimento propio para o Plan parcial, o establecemento dun Plan de Xestión Integral de Residuos, un sistema de vixilancia da contaminación, etc. Ditas medidas considéranse adecuadas, se ben, dito seguimento deberá contar coa participación do órgano ambiental correspondente.

Establecerase tamén o sistema de revisións e informes dos resultados do seguimento. Neste deberase contemplar a remisión a esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible dos informes que inclúan os cálculos e as estimacións para o sistema de indicadores que se deseñe. A periodicidade das revisións e informes adecuarase ás características dos efectos identificados, establecendo ao menos para os primeiros cinco anos de desenvolvemento do PXOM unha periodicidade anual.

2.3.1. Viabilidade económica da alternativa seleccionada.

O estudo económico recollido na memoria do PXOM considera a previsión de cargas que debe asumir o concello (sistema xeral de espazos libres, sistema xeral viario e de infraestruturas) e o montante dos orzamentos correntes, así como a dispoñibilidade para inversións reais dos orzamentos municipais durante os cinco últimos exercicios (2002-2006). Estes foron calculados considerando o procedente de subvencións e os recursos propios, ós que habería que sumarlle o 10% do aproveitamento lucrativo dos sectores a desenvolver. Sinálase, asemade, que o desenvolvemento do sector de solo urbanizable S-01 condiciona o desenvolvemento dos restantes sectores de solo urbanizable da Serra.

Dito estudo non contén unha avaliación das medidas correctoras e de seguimento susceptibles de ser valoradas, tal como se recolle do ISA: "dada a entidade e baixa importancia, dende o punto de vista medioambiental e da sostibilidade, dos previsibles impactos derivados do desenvolvemento do PXOM, estes deben considerarse como integrados no custo de execución das accións urbanísticas programadas, xa que logo, non son precisas accións específicas de corrección". "Polo que fai ao polígono industrial, o resto do custo derivado da execución do programa de seguimento será avaliado e orzamentado polo futuro órgano xestor da nova área industrial."

Segundo o promotor, esta proposta non establece os parámetros mínimos, dende o punto de vista económico, para ser susceptibles de análise da súa viabilidade.

En calquera caso, o estudo económico do PXOM deberá incluír a valoración económica das medidas e do plan de seguimento, considerando cómo lles afectan as determinacións da presente memoria.

2.4. Participación pública e Consultas

2.4.1. Procedemento de participación pública e consultas.

O PXOM (coa súa parte integrante, o ISA), someteuse ao proceso de participación pública e consultas nos prazos legalmente establecidos polo apartado 5 do artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. O plan foi exposto durante dous meses dende o 2 de febreiro ata o 2 de abril de 2008, sendo inserido o correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia nº23, de 1 de febreiro de 2008, e nos xornais “A Voz de Galicia” e “El Correo Gallego” o 2 de febreiro de 2008.

Os organismos consultados foron todos os establecidos no DR.

O procedemento da participación pública e consultas elaborado polo órgano promotor considérase correcto respecto ós prazos e organismos consultados.

2.4.2. Resultados do proceso de participación pública e as consultas e a súa integración no planeamento.

Durante o tempo en que a aprobación inicial do PXOM estivo exposta ó público no propio concello, recibíronse 938 alegacións, das que 391 se mostraron en contra da localización proposta polo PXOM para o polígono industrial de nova creación (no sector denominado S-01), destacando neste senso a alegación presentada pola asociación de empresarios e profesionais de Outes. O contido das anteditas alegacións refírese principalmente ós prexuízos e ás afeccións sobre a calidade de vida dos veciños do entorno, de levarse a cabo dita actuación, así como á perda de solo de uso agropecuario.

Tamén destacan as alegacións relativas á modificación de numerosas áreas de expansión de núcleos rurais, presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), e á ampliación dos núcleos rurais do entorno de Pontenafonso, así como as referidas a eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbano non consolidado e urbanizable non delimitado susceptibles de ser clasificadas coma áreas de expansión, ou de solo rústico con diversas

categorías de protección (augas e costa), achegadas asemade polo BNG. Numerosas asociacións de veciños critican cuestións relativas á edificabilidade máxima total prevista no PXOM e a periodización a 20 anos.

Dos organismos consultados recibíuse resposta dos seguintes:

- Consellería de Medio Rural. Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.
- Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes (CPTOPT). Portos de Galicia.
- Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar.
- CPTOPT. Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Planificación e Proxectos.
- Deputación Provincial da Coruña.
- Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Dos anteditos organismos, a maioría informan favorablemente ó PXOM, a excepción de Portos de Galicia, que presentou informe desfavorable. Por outra banda, o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino estableceu no seu informe unha serie de consideracións relativas ó borde litoral, observando deficiencias que deberán ser subsanadas, e unha vez consideradas estas, remitir novamente a informe da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar o plan para aprobación definitiva. É importante remarcar aquí a mención especial que o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza fixo ós humidaes existentes no concello de Outes e incluídos no IHG, por representar ecosistemas de alto valor natural, ao igual que ós ríos, regatos e vexetación de ribeira asociada, co fin de que asegurar a súa preservación nun estado de conservación favorable.

Os contidos e resultados das alegacións (aquelas de carácter relevante para a AAE do plan) e dos informes sectoriais recibidos descríbense con maior detalle en Anexo.

2.4.3. Integración do resultado do proceso de participación pública e consultas.

Segundo o informe de participación pública e consultas, de tódalas alegacións presentadas foron estimadas un total de 220, estimadas parcialmente un total de 487 e non estimadas as restantes 231 alegacións. Das alegacións estimadas a maioría relacionáronse coa inclusión de parcelas na delimitación de núcleo rural, e das desestimadas, a maioría tiñan que ver con modificacións na ordenación de solo urbano, edificabilidade, alturas e trazado das aliñacións. Da totalidade dos informes sectoriais recibidos foron todos considerados e asumidos os seus condicionantes. A súa integración na proposta do plan foi maioritaria, e naqueles informes en que esta foi parcial, se acompañou da pertinente xustificación, que en todo caso, será valorada

polo organismo competente. Isto pode observarse na resposta dada polo promotor ó informe da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar.

As modificacións producidas no documento do plan como resultado do proceso de participación pública e consultas foron pouco relevantes respecto da proposta inicial do PXOM, especialmente no que respecta á ocupación de solo para uso residencial e á localización dos diversos sectores que se pretenden desenvolver. Non obstante, no que respecta ó solo urbanizable para uso industrial S-01, reduciuse a súa superficie e incluíuse unha serie de medidas e/ou condicionantes ó desenvolvemento do ámbito destinadas a garantir a integración medioambiental e as baixas emisións contaminantes.

O detalle da integración dos resultados deste proceso figura igualmente no Anexo.

3. Conclusións e síntese final do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica

Para dar axeitado cumprimento a cada unha das fases da Avaliación Ambiental Estratéxica axustándose ós requisitos esixidos pola Lei 9/2006, de 28 de abril de 2006, a desenvolver segundo o procedemento integrado de Avaliación Ambiental Estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, deberán ser atendidas as consideracións compiladas ao longo da presente Memoria Ambiental e resumidas a continuación:

1.- O planeamento partiu dunha análise da situación actual do ámbito de influencia do plan, para a que realizou un estudo do medio socioeconómico, físico e biótico do territorio, resaltando os elementos máis significativos do entorno e a problemática detectada no concello.

2.- Os obxectivos perseguidos dan resposta á problemática identificada na análise anterior, dos que se destaca o fomento e a creación de emprego, e a procura dun maior dinamismo dos sectores produtivos agropecuarios, forestais ou ecoturísticos que sexa capaz de prever un crecemento continuado e sostido no tempo. Asemade, presenta obxectivos específicos para as variables de sustentabilidade establecidas no documento de referencia.

3.- A análise de alternativas considérase correcta respecto da metodoloxía empregada, pois identificou os efectos sobre cada unha das variables ambientais indicadas no DR enviado ó concello, e xustificou a selección da alternativa proposta comparando a problemática derivada da evolución prevista do planeamento actual no concello fronte ás melloras introducidas co novo PXOM.

4.- Os efectos detectados, ben a través da súa consideración no planeamento ou ben do establecemento de medidas concretas, seguen a liña do establecido no documento de referencia, sen menosprezo das matizacións xa recollidas para algunha das variables en concreto; entre elas:

4.1.- En base ó solo urbanizable proposto no PXOM, e dado que non figura cuantificado dun xeito obxectivo o grado de consolidación mínimo a acadar nos ámbitos residenciais dos SUD para comezar a executar os sectores de SUND, a prol dun crecemento racional e ordenado dos mesmos que contribúa a un consumo responsable do territorio e a un adecuado ritmo de desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos, a estratexia de execución dos distintos ámbitos previstos (incluídos os sectores de SUND) deberá ir supeditada a unha porcentaxe maioritaria do seu grado



de ocupación, para a incorporación progresiva de cada ámbito ou sector ó tecido urbano.

4.2.- A localización dos sectores SUND-06 e do sector de Solo Urbanizable S-01 non queda debidamente xustificada en función dos seus efectos sobre as variables solo, ciclo hídrico, medio natural e paisaxe, non considerando os condicionantes máis relevantes presentes no ámbito de actuación, tanto nos criterios de localización coma de deseño, e ocupando así áreas susceptibles de ser clasificadas coma de protección de augas, de espazos naturais e paisaxística.

4.3.- No tocante ós núcleos rurais e as súas áreas de expansión, o plan deberá xustificar as delimitacións proxectadas atendendo a un consumo racional do solo, ó fomento de estruturas densas, compactas e complexas, e á capacidade produtiva dos terreos.

4.4.- A proposta de Plan que se aprobe definitivamente deberá resolver os problemas detectados nos servizos de saneamento e depuración con carácter previo ó desenvolvemento dos ámbitos proxectados no PXOM, de tal xeito que *“quede garantida a depuración das augas a teito de planeamento”*.

4.5.- No tocante á variable mobilidade, o PXOM detectou deficiencias na cobertura do servizo de transporte público do concello, xustificándose na dificultade de acadar un sistema viable desta modalidade de transporte no medio rural. Porén, non realizou unha análise pormenorizada das posibilidades que ofrece o termo municipal no tocante a dita demanda e ós horarios de cobertura entre os principais focos de actividade. Consecuentemente, o PXOM deberá integrar solucións para afrontar as necesidades de mobilidade inducidas polo planeamento resultante, desde unha perspectiva global da súa área de influencia para a conexión cos principais destinos ou focos de actividade (tanto intermunicipais coma intramunicipais), de xeito que se reduzan as distancias e as afeccións asociadas á mobilidade, como por exemplo: propoñendo alternativas ó vehículo privado motorizado, co transporte colectivo (autobuses adaptados, coches compartidos, taxis,...), e/ou os itinerarios peonís e ciclistas; establecendo regulacións restritivas para o tráfico rodado en solo urbano, minimizando a construción de novas vías a favor da restauración ou adecuado mantemento das existentes, incrementando as zonas vexetadas como captadores de emisións de GEI, evitando a fragmentación de hábitats,....

6.- O Plan de seguimento considérase axustado ó establecido no documento de referencia enviado ó concello, sen menosprezo da consideración realizada para a inclusión do indicador do grao de ocupación dos ámbitos residenciais propostos. E así,



o PXOM deberá emendar as deficiencias atopadas nas medidas e indicadores propostos no plan de seguimento ó fin de cubrir axeitadamente os efectos que se pretenden avaliar.

7.- O PXOM xustifica a viabilidade económica da alternativa seleccionada atendendo ó disposto no documento de “Estratexia de actuación e estudo económico”.

8.- O proceso de participación pública e consultas elaborado polo concello de Outes considérase correcto respecto ós prazos e organismo consultados establecidos no DR.

Considerando os obxectivos do planeamento, as características do seu ámbito de influencia, e o exposto nos parágrafos anteriores, conclúese que o PXOM do concello de Outes deberá integrar no documento do plan que se aprobe definitivamente as apreciacións e consideracións incluídas nos diferentes apartados da presente memoria ambiental e que foron resumidas neste apartado de síntese final, para poder valorar como integrados os criterios de sustentabilidade establecidos no DR.

Finalmente, segundo o disposto no artigo 14 da lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, unha vez aprobado o plan definitivamente, o concello de Outes porao a disposición da presente Dirección Xeral como órgano ambiental, das Administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no mesmo artigo.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2009
O Director Xeral de Desenvolvemento Sostible

Asdo.: Emilio Manuel Fernández Suárez

ANEXO

O resúmen dos resultados do proceso de participación e consultas (alegacións e informes sectoriais) derivados da información presentada polo promotor, expónse con detalle suficiente nas táboas seguintes:

Alegacións

RESPONSABLE DA ALEGACIÓN	RESUMO DO CONTIDO	VALORACIÓN DA ALEGACIÓN FEITA POLO PROMOTOR	DECISIÓN ADOPTADA
Asociación de empresarios e profesionais de Outes	Alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial S-01.	Tal e como se explica en varios apartados da memoria o desenvolvemento racional do concello pasa por ter solo industrial convintemente dotado, coa intención de albergar as numerosas industrias que están a proliferar con certo desorde polo solo rústico. Este é un feito obxectivo que motiva a necesidade dun solo destas características no concello de Outes. Este solo para a posible construción dun parque empresarial ubicouse en base ós seguintes criterios: a) proximidade ó solo urbano, o que indubidablemente mellora a eficiencia da mobilidade, da distribución ou do transporte público; b) topografía favorable o que indubidablemente repercute nunha economía da execución en un menor impacto territorial e paisaxístico ó minimizar os movementos de terras, taludes e terrapléns; c) conexión coas vías de comunicación supramunicipais o que indubidablemente repercute nun mellor funcionamento do parque empresarial e unha mellor proxección cara ó exterior do concello. A ubicación escollida cumpre estes criterios básicos. Ademais compre salientar que na alegación presentada non se ofrecen alternativas que cumpran de maneira máis axeita os requirimentos de ubicación dun parque empresarial. No tocante ó impacto paisaxístico compre salientar que non existen criterios de valor para afirmar que nos atopamos nun caso de paisaxe aberto ou natural, rural ou marítimo. Máis aínda, a zona está profundamente transformada o que se plasma na existencia	Parcialmente estimada

RESPONSABLE DA ALEGACIÓN	RESUMO DO CONTIDO	VALORACIÓN DA ALEGACIÓN FEITA POLO PROMOTOR	DECISIÓN ADOPTADA
		dun circuito de Karting, dúas actividades industriais, ata seis vivendas e numerosos recheos de entullo. Por último no tocante á produtividade da zona, e tal e como se pode apreciar dunha análise da tipoloxía das edificacións existentes, non existen naveas agrícolas nin invernadoiros, o que pode dar unha idea de que a economía da zona non depende do uso agrícola destes terreos. Non obstante en base a un reestudio das necesidades inmediatas de solo empresarial para o concello de Outes, e en base tamén ó desenvolvemento sostible e aproveitamento racional dos recursos naturais, procede a redución do ámbito clasificado limitándoo a unha pequena área de en torno a 150000m ² ubicados no extremo norte do ámbito aprobado inicialmente (o mellor comunicado). No tocante ó tema da contaminación medioambiental compre indicar que no PXOM impoñeranse ó desenvolvemento do parque empresarial condicións suficientes que garantan as mínimas emisións contaminantes ó medio ambiente. Tendo en conta todo o anterior procede estimar parcialmente a alegación presentada, fundamentalmente nas parcelas ubicadas na zona sur do ámbito.	
A.VV. O Pedregal(*)	Consta de tres partes claramente diferenciadas: 1- cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; 2- alude a cuestións legais e incumpridas polo PXOM; 3- cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou	(**)O promotor fai un análise de cada unha das alegacións presentadas durante o período de participación pública, respondendo xustificadamente a cada unha delas e emitindo un informe de resposta. Dito informe comprende tres respostas posibles: favorable, parcialmente favorable e desfavorable; dependendo do caso.	O grado de estimación depende do caso

RESPONSABLE DA ALEGACIÓN	RESUMO DO CONTIDO	VALORACIÓN DA ALEGACIÓN FEITA POLO PROMOTOR	DECISIÓN ADOPTADA
	delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.		
A.VV. O Valadiño	Idem ó anterior(*)	Idem anterior(**)	O grado de estimación depende do caso
A.VV. PONTENAFONSO	Idem ó anterior(*) _Tamén solicita ampliar núcleos rurais do entorno de Pontenafonso.	Idem anterior(**)	O grado de estimación depende do caso
A.VV. de Entíns e Tarás	Idem o anterior (*). Tamén alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial S-01.	Idem anterior(**) Tamén responde xustificadamente á alegación contra o polígono, cos mesmos argumentos expostos á Asociación de empresarios e profesionais de Outes.	O grado de estimación depende do caso
Asociación Cívico Cultural de Terra de Outes	_Idem a A.VV. de Entíns e Tarás.	Idem anterior(**) Tamén responde xustificadamente á alegación contra o polígono, cos mesmos argumentos expostos á Asociación de empresarios e profesionais de Outes.	O grado de estimación depende do caso
Carmen García Barreiro e 132 máis	_Idem a A.V.V. Entíns e Tarás	Idem anterior(**) Tamén responde xustificadamente á alegación contra o polígono, cos mesmos argumentos expostos á Asociación de empresarios e profesionais de Outes.	O grado de estimación depende do caso
Grupo municipal do BNG	1) Modificar a cualificación de solo urbano non consolidado do Areal converténdoa en solo rústico de protección de augas. 2.a) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que se atopan a menos de 350m da liña de costas. 2.b) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que ocupen zonas susceptibles de ser	As alegacións foron tratadas na Comisión Municipal de Planeamento formada para seguimento dos traballos do PXOM.	O grado de estimación depende do caso

RESPONSABLE DA ALEGACIÓN	RESUMO DO CONTIDO	VALORACIÓN DA ALEGACIÓN FEITA POLO PROMOTOR	DECISIÓN ADOPTADA
	clasificadas coma áreas de expansión de núcleos rurais. 2.c) Eliminar a parte correspondente á UND-05 na zona entre Vilaríño e Piñeiro. 3.- Estudar as posibles alternativas para a localización do chan industrial do concello. 4.- Facer unha revisión a fondo para identificar tódolos elementos do patrimonio histórico artístico e que se inclúan como elementos protexidos no PXOM. 5.- Modificar certas áreas de expansión de núcleos rurais.		

Nº ALEGANTES	TEMÁTICA	DECISIÓN ADOPTADA
221	Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do núcleo rural.	Destas alegacións foron informadas favorablemente 111, favorables de maneira parcial 47 e desfavorablemente 63.
51	Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do solo urbano.	Destas alegacións foron informadas favorablemente 15, favorables de maneira parcial 12 e desfavorablemente 24.
418	Alegacións que solicitaban excluír parcelas do solo de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable, para clasificalas como solo rústico.	Como se indicou anteriormente deste total 391 corresponden ó polígono industrial. Das 27 restantes foron informadas favorablemente 17, favorables de maneira parcial 3 e desfavorablemente 7.
6	Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do solo urbanizable.	Destas alegacións foron informadas favorablemente 2, favorables de maneira parcial 1 e desfavorablemente 3.
16	Alegacións que solicitaban o cambio de cualificación dentro dos diferentes tipos de solo rústico entre núcleo tradicional e área de expansión.	Destas alegacións foron informadas favorablemente 8, favorables de maneira parcial 2 e desfavorablemente 6.
80	Alegacións que solicitaban modificacións na	Destas alegacións foron informadas



Nº ALEGANTES	TEMÁTICA	DECISIÓN ADOPTADA
	cartografía.	favorablemente 52, favorables de maneira parcial 15 e desfavorablemente 13.
146	Alegacións que solicitaban modificacións na ordenación de solo urbano pasándoo de solo urbano non consolidado a consolidado, solicitando variar a ordenación do solo urbano non consolidado, variar as alturas as edificabilidades, os trazados das aliñacións, etc.	Destas alegacións foron informadas favorablemente 15, favorables de maneira parcial 16 e desfavorablemente 115.
391	Alegacións en contra do polígono industrial.	Á vista das numerosas alegacións procedeuse a reducir a superficie do solo urbanizable destinado a usos industrias, aínda que manténdoo no ámbito no que estaba previsto. Tamén se procedeu a incluír condicións ó desenvolvemento do ámbito que garantan a integración medioambiental e as baixas emisións contaminantes.



Informes solicitados con data de entrada no concello de Valga.

ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN
Consellería de Medio Rural. Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais	Favorable 21 xaneiro 2008	As accións previstas no PXOM de Outes non afectan a terreos incluídos en montes catalogados de utilidade pública, clasificados como veciñais en man común ou que contén con consorcio ou convenio en vigor coa administración forestal.	Integrada no informe de participación e consultas elaborado polo promotor.
Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes (CPTOPT). Portos de Galicia.	Desfavorable 19 febreiro 2008	<p>1)A zona de servizos dos portos do Freixo, O Conchido e A Barquiña deben quedar cualificadas soamente como sistema xeral portuario sen incluír máis determinacións;</p> <p>2)Aconsella introducir unha normativa transitoria de carácter xeral, aplicable mentres non se elaboren os plans especiais de desenvolvemento daquelas instalacións portuarias;</p> <p>3)Reclama que se clasifique o solo das zonas de servizo, que sería urbano consolidado;</p> <p>4)Pide que se xustifique a protección de elementos catalogados que inciden nas instalacións portuarias coas respectivas zonas de protección;</p> <p>5)Solicita que, tendo en conta que os portos citados deben contar con accesos e servizos públicos urbanos alleos aos portuarios, se prevexa unha disposición pola que, para calquera licenza de actuación pública ou privada que atinxa aos ámbitos dos plans especiais portuarios, sexa preciso o</p>	<p>As observacións indicadas asúmense nos termos indicados no presente informe:</p> <p>1)Procede modificar os planos de ordenación de maneira que o ámbito que delimita a zona de servizo adscrita estes portos so se contemple como sistema xeral portuario.</p> <p>2)Procede modificar a normativa incluíndo as referencias ó sistema xeral portuario e á normativa transitoria en tanto non se aproba o correspondente Plan Especial. Procede modificar a memoria no sentido de recoller a normativa sectorial vixente en materia de portos.</p> <p>3) No tocante á clasificación do solo compre indicar que segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións "os plans xerais de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico". Segundo os artigos posteriores a este a clasificación obedecerá ás características que concorran en cada un dos terreos</p>

ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN
		informe previo de Portos de Galicia.	<p>indicados. A este respecto compre aclarar que ó porto do Freixo e ó do Conchido corresponde a clasificación de solo urbano, pois están integrados na malla urbana definida polo planeamento. No caso da Barquiña compre indicar que os terreos inmediatamente lindantes con el atópanse clasificados como solo de núcleo rural, sendo esta a clasificación que lle corresponde pois é no ámbito no que se integran as instalacións existentes.</p> <p>4) Os elementos catalogados AC-18, CR-43 e OC-03, xa figuran na documentación remitida e trátanse respectivamente da Carpintería de Ribeira do Freixo, do Cruceiro do Freixo e do Peirao da Barquiña, todos eles recollidos no inventario da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura.</p> <p>5) Por último procede incluír na normativa unha prescrición para as solicitudes de licenza que poidan afectar ós plans especiais portuarios do Freixo, do Conchido e da Barquiña, condicionando a concesión destas á obtención do informe de Portos de Galicia. As modificacións de normativa plasmaranse no novo artigo 3.6.6. Sistema Xeral Portuario.</p>
Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar.	Desfavorable 30 abril 2008	<p>1) Propón algunhas correccións tecnolóxicas e gráficas, estas últimas relativas á adecuada delimitación do solo rústico de protección de costas en relación co dominio público marítimo-terrestre, e á representación adecuada das liñas do citado dominio, da servidume de protección e da ribeira do mar.</p> <p>2) Precisa que se cualifique como fóra de ordenación a parte da estación depuradora da Serra</p>	<p>1) Procede incorporar a denominación correcta da servidume de protección e corrixir os planos e incorporar a traza correcta do deslinde e da súa servidume de protección.</p> <p>Procede modificar o artigo 11.3.9. da normativa no sentido de dar prevalencia ás maiores limitacións impostas pola lexislación de costas sobre o dominio público marítimo-terrestre e a súa servidume de protección. Neste punto concreto</p>

ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN
		<p>que se empra sobre o dominio público marítimo-terrestre;</p> <p>3) Que se reflectan adecuadamente as zonas de adscrición portuaria e as ocupacións e concesións administrativas</p> <p>4) Que se aclare a aplicación das disposicións da Lei de costas nas zonas de protección dos núcleos urbanos da Serra, A Ribeira do Freixo e Pontenafonso.</p>	<p>compre aclarar, ó respecto do informe, que por un lado temos o reparto do aproveitamento urbanístico e por outro a propia natureza urbana dos terreos, regulada polo artigo 12 da Lei 9/2002. Segundo o disposto no artigo 10 da devandita Lei "os plans xerais de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico". Enténdese que sendo o dominio público marítimoterrestre parte do termo municipal tamén estará suxeito a clasificación. Tendo en conta o informe emitido ó PXOM de Outes pola Área de explotación e planificación de Portos de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (de data de 18 de febreiro de 2008), no que se indica a natureza urbana dos portos baixo a súa tutela, procede excluír da delimitación do solo urbano para incluílos en solo rústico de protección de costas, os terreos afectados pola servidume do deslinde público marítimo-terrestre a excepción das concesións portuarias da comunidade autónoma (porto do Freixo, porto do Conchido e porto da Barquiña).</p> <p>2) A depuradora da Serra de Outes, por atoparse en parte no dominio público marítimo-terrestre, evidentemente que está en situación de fóra de ordenación, sen necesidade de facelo constar explicitamente.</p> <p>3) Procede definir claramente nos planos as zonas de adscrición portuaria.</p> <p>4) Procede modificar a normativa</p>




ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN
			<p>referente ós tres solos urbanos en coherencia co indicado na disposición transitoria terceira da Ley de Costas. Para o caso da zona máis consolidada pola de edificación de Ribeira do Freixo procede fixar no plano de ordenación correspondente o tramo de fachada marítima que verifica as condicións establecidas na devandita disposición transitoria terceira. Asemade:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Procede modificar a normativa no sentido de estender as disposicións da Ley de Costas a toda a franxa costeira independentemente da clasificación como solo rústico de protección de costas. • Procede incorporar ós planos do PXOM as concesións existentes.
CPTOPT. Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Planificación e Proxectos	Favorable 15 maio 2008	<p>Vistos os datos referentes ás estradas afectadas polo PXOM, establecen o seguinte:</p> <p>1) no artigo 3.6.5. sistema xeral viario da normativa deberá incluírse a estrada de nova construción AC-554 Ribademar (AC-550) – Catasueiro (AC-550) con categoría de rede primaria básica, así mesmo deberá engadirse que a liña límite de edificación na rede primaria básica sitúase a 12m da aresta exterior da explanación;</p> <p>2) o PXOM incluírá no articulado da normativa a prohibición no solo de "núcleo rural disperso" os accesos directos a estradas autonómicas, debendo realizarse o acceso ás parcelas a través doutras vías existentes.</p> <p>3) deberán eliminarse as prazas de aparcamento contiguas á AC-550 no solo urbano non consolidado ou, en todo caso situarse separadas fisicamente</p>	<p>1) Respecto do artigo 3.6.5. procede incluír a estrada de nova construción AC-554 (Ribademar AC-550-Catasueiro AC-550) con categoría de rede primaria básica.</p> <p>2) Procede modificar o articulado das áreas de expansión dos núcleos rurais incluíndo as prescricións do informe.</p> <p>3) Procede impedir nas condicións do desenvolvemento dos polígonos P-RV-01, P-SE-06 e P-SE-07 a imposibilidade de realizar xiros á esquerda. Por outra banda compre modificar a ordenación prevista para o P-SE-06, incluíndo unha separación física entre a banda de aparcamento e a estrada autonómica. Por último comprobouse que o P-SE-16 non linda con ningunha estrada de titularidade autonómica.</p>



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN
		da devandita estrada, cunha única entrada e saída e que non xeren xiros á esquerda. Nas rúas de nova apertura con acceso á AC-550 non se admitirán os xiros á esquerda. En concreto deberán corrrixirse as fichas de xestión AR-RV-01, AR-SE-06, AR-SE-07 e AE-SE-16.	
Deputación Provincial da Coruña (non achegan copia do informe)	Favorable 17 novembro 2008	<p>Contén observacións no tocante ós seguintes aspectos da rede provincial de estradas:</p> <p>a) liña de peche;</p> <p>b) liña de edificación que con carácter xeral será a 9,5m da aresta exterior da explanación da estrada provincial.</p>	<p>a) Procede modificar a normativa no relativo á distancia de peches.</p> <p>b) Procede incorporar ós planos de información urbanística a estrada CP-6201. E procede modificar o articulado no sentido de recoller as condicións xerais de protección especial das estradas.</p>
Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza	Favorable 7 xullo 2008	<p>Conclúe que o PXOM de Outes se considera aceptable en base ás súas competencias.</p> <p>Non obstante, resalta a gran importancia ecolóxica que desempeñan os ríos, regatos, a vexetación de ribeira (premise avalada polo artigo 1º da Lei 5/2006 de 30 de xuño), e os humidais existentes no concello (incluídos no Inventario de Humidais de Galicia).</p>	<p>Procede incorporar ó PXOM coa clasificación de solo rústico de protección de espazos naturais os seguintes humidais: <i>Esteiro do Tambre</i> (incluído no LIC da Rede Natura), <i>Braña do Cotro</i>, <i>Pedra do Coiro</i> e <i>Veiga do Cu de Mula</i>.</p> <p>As <i>Veigas do Río Bendimón</i>, debido á súa extensión superficial (0,09ha), intégrase na protección do solo rústico de protección de augas vinculado a este río.</p>

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

EXMO. CONCELLO DE OUTES



ESCRITO DE CUMPRIMENTACIÓN DA MEMORIA AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OUTES

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ESCRITO DE CUMPRIMENTACIÓN DA MEMORIA AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OUTES

Con data de decembro de 2008 o Concello de Outes, como parte da tramitación do PXOM, aprobou unha proposta de memoria ambiental que integraba o Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), o resumo do trámite de participación e consultas e a propia proposta de memoria ambiental. Este documento xunto co PXOM foi remitido en xaneiro á concellería competente para que elaborase a preceptiva Memoria Ambiental.

Con data de 15 de abril de 2009 o Director Xeral de Desenvolvemento Sostible aproba a Memoria Ambiental na que se indicaban unha serie de consideracións a introducir no documento en tramitación, das cales dáse cumprimento no presente informe nos seguintes termos:

1. Incorporación dos solos urbanizables ó proceso de desenvolvemento:

De cara a xustificar un crecemento sostible e ordenado no tempo procede modificar a ordenanza de desenvolvemento do solo urbanizable non delimitado introducindo o seguinte artigo:

Art. 10.3.3. Incorporación do solo urbanizable non delimitado ó desenvolvemento urbanístico

O solo urbanizable non delimitado (SUND) concíbese como unha reserva de solo, non xustificada en base a unha demanda real e inmediata de vivenda. Tendo en conta isto o seu desenvolvemento supeditase á execución (aprobación do proxecto de urbanización e inicio desta) de dous dos tres solos urbanizables delimitados de uso residencial, así como á solicitude de licencia do 60% da capacidade residencial do solo urbano non consolidado segundo a cuantificación prevista no apartado correspondente da memoria do presente PXOM. Estes extremos será verificados polos servizos técnicos municipais con carácter previo á emisión do informe sobre aprobación inicial dos Plans de Sectorización.

2. Xustificación da idoneidade do Sector S-01: En base ó disposto na memoria ambiental procede incorporar á memoria do PXOM as seguintes aclaracións:

S-01: un sector nas cercanías do núcleo de A Serra para a ubicación de solos industriais, o cal se considera, como xa se indicou suficientemente na memoria, de interese primordial para o

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

concello pois é a única maneira de fixar a poboación residente, que neste momentos estase a marchar a concellos limítrofes polas poucas iniciativas empresariais debido á falta de solo industrial convintemente dotado. Debido á súa posición deberase prever a conexión directa do sector cos depósitos xerais e a creación dunha depuradora propia nas cercanías do Rego do Rial. A conexión coa rede viaria xeral realízase prevendo, con cargo ó desenvolvemento do sector, a execución dun novo viario que enlace coa estrada CP-4502. Tendo en conta a urxencia da necesidade de solo industrial convintemente dotado, esta actuación se priorizará entre as primeiras e se desenvolverá por algún dos sistemas de iniciativa pública previstos na lexislación do solo.

Este solo para a posible construción dun parque empresarial ubícase en base ós seguintes criterios: a) proximidade ó solo urbano, o que indubidablemente mellora a eficiencia da mobilidade, da distribución ou do transporte público; b) topografía favorable o que indubidablemente repercute nunha economía da execución e nun menor impacto territorial e paisaxístico ó minimizar os movementos de terras, taludes e terrapléns; c) conexión coas vías de comunicación supramunicipais o que indubidablemente repercute nun mellor funcionamento do parque empresarial e unha mellor proxección cara ó exterior do concello. A ubicación escollida cumpre estes criterios básicos.

No tocante ó impacto paisaxístico compre salientar que non existen criterios de valor para identificar o ámbito en cuestión como un contorno de paisaxe aberta ou natural, rural ou marítimo. Máis aínda, a zona está profundamente transformada o que se plasma na existencia dun circuíto de Karting, dúas actividades industriais, ata seis vivendas e numerosos recheos de entullo. No tocante ó humidal inventariado como Braña do Cotro, segundo a documentación dispoñible este conta cunha superficie de 28,75 Ha nas coordenadas UTM X=508028, Y=4744145. Despois de realizado o oportuno traballo de campo o PXOM clasifica 29,45 Ha entre as cotas 13 e 17 m, cifra superior á inventariada, e que en todo caso no afecta á delimitación do solo urbanizable industrial S-01.

Por último no tocante á produtividade da zona, e tal e como se pode apreciar dunha análise da tipoloxía das edificacións existentes, non existen naves agrícolas nin invernadoiros, o que pode dar unha idea de que a economía da zona non depende do uso agrícola destes terreos.

3. Xustificación da idoneidade do ámbito UND-06: En base ó disposto na memoria ambiental procede incorporar á memoria do PXOM as seguintes aclaracións:

O UND-06 ubicado na parroquia de San Cosme de Outeiro pretende recoller o potencial da zona para usos turísticos e segunda residencia, o que xa se está a plasmar na existencia de

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

certas actividades hoteleiras e unha presión moderada sobre os núcleos que integran a parroquia, sobre todo nas zonas máis próximas á praia de Broña. Dadas as especiais condicións do emprazamento óptase por unha ocupación a media ladeira, entre a cota 20 e a 60, cunha pendente media do 10%. O solo clasificado afástase da praia de Broña os 200 m clasificados como solo rústico de protección de costas e da cima do monte (cota 151) que domina a península que constitúe a parroquia de San Cosme de Outeiro, 466 m. Por riba da cota do solo urbanizable, entre este e a cima do monte, aínda se ubicarían gran parte dos núcleos rurais tradicionais da parroquia (Serantes, O Barreiro, Bara, As Camposas), entendendo polo tanto unha integración paisaxística aceptable entre a clasificación proposta do solo urbanizable, os núcleos rurais e o solo rústico circundante. Por outra banda entre o solo urbanizable e a costa existe unha importante masa boscosa que se protexe como solo rústico de especial protección forestal e que minimizará aínda máis o impacto paisaxístico da posible urbanización do ámbito. En resumo a posición do ámbito a media ladeira e o seu contorno bordeado por núcleos rurais tradicionais moi consolidados e masas forestais de importancia fan que non existan impactos paisaxísticos de importancia.

4. Xustificación do fomento das estruturas densas nos núcleos rurais:

A superficie clasificada como solo de núcleo rural supón o 6% do termo municipal cunha superficie total de 594,83 Ha. Esta superficie repártese en 312,9 Ha de núcleo rural tradicional e 281,9 de áreas de expansión. O ámbito tradicional conta cunha consolidación media do 81,44%, entendéndose polo tanto que como norma xeral a finalidade deste solo será tan so o da conservación e mantemento das edificacións existentes. En base a isto o PXOM propón un aumento do 90% da superficie do ámbito xa transformado a día de hoxe, o que supón un 2,83% do termo municipal que se reparte nun importante número de núcleos delimitados (135). Tendo en conta o anterior enténdese que computando o conxunto de núcleo rural tradicional e área de expansión acadaríase unha consolidación a teito de planeamento do 50%, considerándose co plan proposto unha estrutura aínda suficientemente densa.

Por outra banda, tal e como se pode ver nos indicadores de planeamento do ISA o solo artificializado antes e despois do PXOM tan so aumenta un 10%, entendendo polo tanto que con respecto ó existente o PXOM conserva, a nivel global as estruturas densas.

Por último, no tocante á distribución heteroxénea das áreas de expansión compre aclarar que estas se proxeccionan en base a criterios de oportunidade, mobilidade, estrutura da propiedade, topografía, etc. e algunhas delas son resultado do proceso de participación e consultas. A partir destes datos, e salvando o criterio do desenvolvemento sostible e o aproveitamento racional dos recursos naturais, o concello dende o punto de vista da autonomía municipal que

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiantg@estudiantg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ile outorga a lexislación vixente, proxecta unha serie de áreas de expansión que en ningún caso, e segundo o previsto na LOUPMRG, poden considerarse como solo rústico de especial protección.

5. Ciclo hídrico:

Segundo o exposto no apartado 2.12.2.1. da Memoria do PXOM o abastecemento de auga municipal de Outes chega a unha poboación de 5.266 habitantes (á data de redacción do presente informe máis pois foron ampliadas as redes). Esta dotación de auga inclúe toda a zona costeira do concello, a máis densamente poboada. O apartado 3.2.4. da Memoria conclúe que para unha dotación axeitada de auga a teito de desenvolvemento do PXOM sería necesario a ampliación do depósito municipal da Serra. Esta ampliación queda garantida coa execución do sector S-01, programado como primeira prioridade dentro do desenvolvemento dos solos urbanizable.

No tocante ó saneamento no apartado 2.12.2.2. da Memoria expónse que *“Como se pode apreciar unha gran parte do termo municipal está conxionada coa depuradora da Serra, a cal conta cunha capacidade de 584.000 m3/ano (10.000 habitantes). A poboación con este servizo na actualidade ascende a 5.010, motivo polo cal non se observan especiais carencias neste servizo, podendo mesmo duplicarse a poboación en función da capacidade da depuradora.”* Os problemas de funcionamento que puidera ter esta nalgún momento dado son alleos ó PXOM, excedendo da súa competencia, e non inflúen no correcto dimensionamento nin desta nin da rede.

Porén, o Plan de Seguimento propón a revisión mensual da calidade de auga da ETAP e da inocuidade dos verquidos da EDAR. A posta en funcionamento do Plan de Seguimento traerá como consecuencia o bo funcionamento destes servizos, toda vez que como xa se indicou a capacidade está garantida co PXOM.

6. Medio natural e medio litoral:

Contrariamente ó exposto na memoria ambiental o PXOM si recolle a totalidade dos humidais a excepción das Veigas do río Bendimón de tan so 900 m2, integradas no solo rústico de protección de augas de dito río debido ó seu escaso tamaño.

No tocante ó sector de solo urbanizable S-01, xa quedou acreditada a escasa afección sobre a Braña do Cotro.

7. Paisaxe:

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiantg@estudiantg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

O criterio de integración paisaxística do SUND-06 foi referido no apartado correspondente deste escrito e da memoria.

No tocante á paisaxe rural compre corrixir na normativa que os locais para almacenaxe refírense en todo caso ó almacenaxe de produtos agrícolas: silos, celeiros, almacén de maquinaria, etc.

8. Mobilidade:

O Plan trata de integrar todas aquelas variantes requiridas polo Documento de Referencia que considera que, dende o punto de vista urbanístico, están fora do seu ámbito de actuación, baixo o apartado xenérico de “recomendacións” (punto 5.4 do ISA). Este é o caso da mobilidade.

Antes de avanzar nesta cuestión, compre incidir en tres puntos:

Primeiro: o concello de Outes ten unha poboación de 7.681 habitantes, dos que a maior parte se localizan na franxa litoral (núcleos da Serra, O Freixo e Roo), isto é, ao longo da estrada AC-550. Só as parroquias de Entíns (San Ourense, 862 habitantes) e Santa María (182 habitantes), situados á beira da estrada AC-400, poden considerarse como “excentricos” con respecto ao poboamento xeral do concello e ao sistema local de equipamentos.

Segundo: O concello de Outes está fora do sistema de transporte metropolitano de Galicia, e é un punto intermedio nas liñas de transporte público, que neste caso se reducen as que saen de Santiago cara a Muros e Corcubión, nos dous sentidos.

Terceiro: O concello non ten capacidade nin recursos para organizar un sistema de transporte público intramunicipal, e moito menos extramunicipal, para o que tampouco ten competencias.

Feitas estas salvedades, o PXOM considera que coas súas previsións non xera novas necesidades de desprazamentos internos, e que non ten capacidade para intervir nesta cuestión máis aló do compromiso adoptado no Plan no eido da mobilidade. Ademais, compre ter en conta que boa parte dos GEI xerados polo tráfico rodado corresponden a movementos que teñen orixe e destino fora do concello, e que se producen pola situación intermedia de Outes no sistema xeral de comunicacións.

9. Plan de Seguimento:

En relación ás deficiencias atopadas nas medidas e indicadores propostos no plan de seguimento, estas quedarán definidas polo equipo responsable segundo a lexislación vixente.

Pola súa parte, o Órgano Xestor do polígono integrará a un representante do órgano ambiental. O concello adquire o compromiso, vía ordenanza, de promovelos no momento en

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

que se complete, alomenos, o 25% do polígono. Este órgano terá unha composición mixta concello-empresas-organo ambiental, e terá como obxectivos, as seguintes misións:

- Una vez coñecida a tipoloxía e actividade das empresas instaladas, deseñar un Plan de Residuos industriais, recollida selectiva e reciclaxe (Plan Integral de Xestión de Residuos Industriais)
- Seguir, controlar e modificar, se é-lo caso, o Plan de Seguimento que figura no ISA, incorporando as necesidades específicas das empresas instaladas no polígono e vixiando calquera tipo de impacto ambiental
- Formar e sensibilizar aos traballadores do polígono en técnicas ecológicas aplicadas ás súas funcións na empresa
- Promover, deseñar e implantar un Sistema de Xestión Medioambiental.
- Deseñar e poñer en marcha un Plan de Acción, axeitado a escala e eventual especialización do polígono, que contemple, entre outras cuestións, un plan de rexeneración, cos seguintes proxectos específicos:
 - Mellora das infraestruturas viarias, de saneamento e de abastecemento,
 - Establecemento de sistemas de captura e almacenamento de augas pluviais para uso interno,
 - Establecemento dun plan de xestión do tráfico,
 - Implantación dun sistema de iluminación ecoeficiente do polígono,
 - Exploración e xeración de enerxía renovable,
 - Desenvolvemento dun plan de prevención de riscos,
 - Implantación, se procede, de plantas de tratamento colectivo de efluentes, ben a nivel do polígono en conxunto, ou para o control de augas residuais de actividades especializadas. Isto debe ir acompañado de medidas de reutilización das augas depuradas,
 - Establecemento de plantas de transferencia de residuos sólidos perigosos,

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Fomento do intercambio dos residuos valorizables entre empresas do polígono ou do exterior.
- Rexeneración paisaxística, tanto interna como externa.

10. Plan de Seguimento:

En relación coa valoración do Plan de Seguimento procede a súa inclusión no estudo económico do PXOM.

Outes, 18 de decembro de 2009
Isidro López Yáñez

Arquitecto redactor do PXOM